



**concellería**  
de **igualdade**  
concello de vigo

## índice

	Páxina
- Introducción	6
- Análise Previa	8
- Reunións iniciais e consulta de documentación	8
- Destinatarios e destinatarias	8
- Centros participantes	8
- Obradoiros solicitados por centro	9
- Alumnado participante	11
- Alumnado participante por curso e obradoiro	12
- Comunicación cos Centros	12
- Deseño dos Programas Didácticos	13
- Segundo Ciclo de Educación Infantil	13
- Obxectivos	13
- Obxectivo Xeral	13
- Obxectivo Específicos	13
- Contidos	14
- Contidos Conceptuais	14
- Contidos Procedementais	15
- Contidos Actitudinais	16
- Programa Didáctico	17
- 4º e 5º de Educación Infantil	18
- 1º Obradoiro	18
- 2º Obradoiro	23
- 6º de Educación Infantil	28
- 1º Obradoiro	28
- 2º Obradoiro	33
- 3º Obradoiro	37
- Educación Primaria	41

- Obxectivos	41
- Obxectivo Xeral	41
- Obxectivos Específicos	41
- Contidos	42
- Contidos Conceptuais	42
- Contidos Procedementais	42
- Contidos Actitudinais	43
- Programa Didáctico	44
- 1º Obradoiro	45
- 2º Obradoiro	50
- 3º Obradoiro	56
- Metodoloxía	61
- Temporalización	61
- Creación do Material Didáctico	62
- Aplicación do Programa	63
- Implementación dos Obradoiros en Educación Infantil	65
- Implementación dos Obradoiros en Educación Primaria	65
- Clausura do Programa e Información aos Medios	66
- Observacións	68
- Segundo Ciclo de Educación Infantil	68
- Educación	82
- Avaliación	99
- Avaliación Inicial	99
- Avaliación Procesual	99
- Avaliación Final	100
- Conclusións	110
- Comparativa co ano pasado da representatividade da mostra	110
- Seguimento do Programa nas catro	110
- Valoracións finais e Propostas de mellora	113
- Agradecementos	116
- Anexos	118

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

- Anexo I: Planificación das visitas aos Centros	118
- Anexo II: Material Didáctico Utilizado	119
- Segundo Ciclo de Educación Infantil	119
- Educación Primaria	125
- Anexo III: Enquisas de Avaliación	133
- Enquisa para o profesorado	133
- Enquisa para o alumnado	136
- Anexo IV: Agasallos	139
-Anexo V:	139

## introdución

“Camiña con nós pola Igualdade é un Programa Educativo enmarcado na subvención do Programa de Cooperación da Xunta de Galicia, elaborado e implementado dende a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo e dirixido ao alumnado de Educación Infantil e 6º de Primaria.

Este Programa, enmárcase no II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007, e no III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Vigo 2005-2007.

O obxectivo principal do Programa é fomentar a Educación en Igualdade de Oportunidades entre nenas e nenos dende a Comunidade Educativa para promover a Coeducación e previr a Violencia de Xénero.

O motivo polo cal este Programa vai destinado a sensibilización e formación na Igualdade de Oportunidades unicamente de nenos e nenas de Segundo Ciclo de Educación Infantil (3 a 6 anos) e de último curso de Educación Primaria (12 anos) é porque en Educación Infantil o alumnado se inicia nunha nova etapa de socialización, externa a súa familia, nun ámbito diferente como é o da escola e onde continúan o seu aprendizaxe e inician a súa identidade de xénero fronte o seu grupo de iguais, resultando un marco idóneo para fomentar a coeducación. Por outro lado, Sexto de Educación Primaria e o curso ponte cara a unha nova etapa educativa : Educación Secundaria, transición para á que o alumnado precisa ter recursos axeitados para conseguir manter unhas relacións de igualdade, e unha actitude mais reflexiva co entorno no que vive.

Para este curso 2008/09 o Programa foi elaborado, deseñado e impartido por dúas Técnicas que, tomando coma referencia de base a labor realizada nas edicións anteriores, e sempre dende a perspectiva de Xénero, proxectaron cunha metodoloxía lúdica, dinámica e participativa, o fomento dunha igualdade entre homes e mulleres. Desenvolveron para elo tres obradoiros temáticos para os rapaces e rapazas de 6º de Educación Primaria, e para o grupo de cinco anos de Educación Infantil ; e dous obradoiros para os nenos e nenas de 3 e 4 anos de Educación Infantil.

Os Obxectivos Específicos nesta edición, para a etapa de Educación Infantil foron : Interiorizar as partes do corpo sen estereotipos e tabús, identificar semellanzas e diferenzas entre mulleres e homes, coñecer as diferentes tipoloxías de familia

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

---

existentes na actualidade, fomentar a corresponsabilidade na familia, visibilizar a presenza das mulleres en traballos considerados tradicionalmente masculinos, familiarizarse cos diferentes tipos de xoguetes e fomentar a igualdade no xogo.

Os Obxectivos Específicos neta edición, para a etapa de Educación Primaria foron: coñecer e familiarizarse con conceptos básicos coma xénero, estereotipos sexistas, igualdade de oportunidades, corresponsabilidade e violencia de xénero, etc; tentar de rachar cos estereotipos de xénero dentro do ámbito familiar; fomentar a igualdade no ámbito da familia, escola e traballo ; fomentar a corresponsabilidade na familia e rexeitar a violencia como forma de relacionarse, valorarse e resolver conflitos.

## análise previa

### Reunións iniciais e consulta de documentación

Na primeira fase deste Programa, fixéronse unha serie de reunións iniciais entre o Persoal Técnico adscrito ao Programa e a Xefa do Servizo da Concellería de Igualdade para coñecer as directrices de elaboración e desenvolvemento do mesmo. Neste intercambio asentáronse os principios básicos a seguir, tendo como referencia as Memorias e a revisión dos materiais elaborados nas tres edicións anteriores.

Esta serie de reunións se simultanearon coa busca e recollida de diferente documentación ao través de diversas fontes bibliográficas: biblioteca da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, Instituto da Muller, biblioteca do SGI, etc, co fin de obter unha ampla base de coñecementos sobre os que deseñar e desenvolver os programas axeitados aos distintos niveis educativos.

### Destinatarios e destinatarias

Os destinatarios de este Programa foron os Centros Educativos Públicos da cidade de Vigo que imparten as etapas de Educación Infantil e/ou de Educación Primaria.

### Centros participantes

Do total de cincuenta e tres Centros que imparten estas ensinanzas, trinta solicitaron a participación no Programa: cinco Escolas de Educación Infantil e vinte e catro Centros de Educación Infantil e Primaria e un Centro de Educación Primaria.


- EEI: Dun total de 9 Centros, 5 solicitaron participar no Programa, o que representa un 55,55%.
- CEIP: Dun total de 39 Centros, 24 solicitaron participar no Programa, o que representa un 61,54%
- CEP: Dun total de 4 Centros, 1 solicitou a participación no Programa, o que representa un 25%
- CPI: Dun total de 1 Centro, ningún solicitou participar, o que representa un 0%.

No seguinte gráfico pódese ver a representatividade dos Centros que participaron no Programa con respecto ao número total dos Centros Públicos Vigueses:

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo




### Obradoiros solicitados por Centro

O Programa ofertou tres obradoiros, pero cada Centro podía solicitar o número deles que considerara máis axeitado para implementar co seu alumnado.

No Segundo Ciclo de Educación Infantil vinte e nove Centros solicitaron participar no primeiro obradoiro, vinte e sete no segundo e vinte e dous no terceiro.

En Sexto de Educación Primaria son vinte e un os Centros que solicitaron participar no primeiro obradoiro, dezanove no segundo e quince no terceiro.

Representamos graficamente en cantos Centros se solicitou levar a cabo cada Obradoiro:



Na seguinte táboa recóllense os datos sobre cantos obradoiros solicitou cada centro:

Nome Centro	Educación Infantil			Educación Primaria		
	1º	2º	3º	1º	2º	3º
CEIP A Doblada	1	1	1	1	1	1
CEIP A Paz-Tintureira	1	1	1	1	1	1



## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

CEIP A.R. Castelao						
CEIP Balaidos						
CEIP Canicouba						
CEIP Carrasaueira						
CEIP Chans-Bembrive						
CEIP Coutada Beade						
EEl Cristo de la Victoria						
CEIP Eio Garav						
CEIP E.P. Bazán						
CEIP Escultor Acuña						
CEIP García Barbón						
CEIP Igrexa Candeán						
CEIP Javier Sensat						
CEIP Josefa Alonso						
CEIP Lope de Vega						
EEl Monte da Guía						
EEl O Nozal						
CEIP O Pombal						
CEIP Paraixal						
CEIP Pintor Laxeiro						
CEIP Ría de Vigo						
EEl Rúa Hernán Cortés						
CEIP San Salvador-Teis						
CEIP Santa Mariña						
CEP Santa Teora						
CEIP Valle Inclán						
CEIP Virxe do Rocío						
EEl Zamans						
<b>Total</b>	<b>29</b>	<b>27</b>	<b>22</b>	<b>21</b>	<b>19</b>	<b>15</b>

### Alumnado participante

A representatividade do alumnado que participou no Programa con respecto á totalidade do alumnado vigués matriculado nos Centros Públicos foi a seguinte:

- ❖ 4º de Educación Infantil: dun total de 1091 alumnas e alumnos, participaron 754, o que representa un 69,11%.


## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

### Concellería da Igualdade

#### Concello de Vigo


- ❖ 5º de Educación Infantil: dun total de 1158 alumnas e alumnos, participaron 729, o que representa un 62,95%.
- ❖ 6º de Educación Infantil: dun total de 1185 alumnas e alumnos, participaron 760, o que representa un 64,13%.
- ❖ 6º de Educación Primaria: dun total de 1034 alumnas e alumnos, participaron 520, o que representa un 50,29%.

Estes datos recóllense no seguinte gráfico:



### Alumnado participante por curso e obradoiro

Non todos os Centros solicitaron os tres obradoiros, e nesta edición optouse por desenvolver soamente dous Obradoiros para o alumnado de tres e de catro anos, pola inclusión automática destes grupos nas próximas edicións, polo que, tal e como se pode ver a continuación, o número de alumnado participante en cada obradoiro aparece de maneira decrecente.



### *Comunicación cos Centros*

Tras estudar a fondo todas as solicitudes dos Centros, nas que se indicaban as etapas educativas para as que solicitaban o programa, o número do alumnado de cada nivel e as temáticas de maior interese, elaborouse a planificación diaria das visitas aos Centros dende febreiro ata xuño de 2009, detallando as datas e o horario de cada sesión.

A continuación, redactouse unha carta indicando a data, a hora, o grupo e o número de obradoiros, que se enviou por Fax a cada centro educativo como proposta de planificación. Logo de recibir a aceptación ou a proposta de cambio, das datas, realizamos as xestións precisas para axustar de novo o planning aos requirimentos dos centros.

## Deseño do programa didáctico

Supervisado e asesorado pola Técnica da Concellería de Igualdade, o Persoal Técnico adscrito ao programa, elaborou unha planificación específica para cada nivel educativo: Segundo Ciclo de Educación Infantil (tres, catro, e cinco anos) e Sexto de Educación Primaria (doce anos).

### SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

---

#### *Obxectivos:*

##### *Obxectivo xeral*

- Fomentar a Educación en Igualdade de Oportunidades entre nenos e nenas dende a Comunidade Educativa para promover a Coeducación e Previr a Violencia de Xénero.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

### *Obxectivos específicos*

- Identificar e reflexionar sobre as semellanzas e as diferencias entre as persoas , e nomear as partes do corpo que nos diferencian coma nenos e coma nenas.
- Coñecer e darlle visibilidade aos diferentes tipos de familias existentes.
- Visibilizar a presenza de mulleres en traballos considerados tradicionalmente masculinos, tomando conciencia de que non hai tarefas propias de cada sexo.
- Fomentar a corresponsabilidade na familia a través da familiarización cos diferentes tipos de tarefas e coa visibilización das persoas que as fan dentro do fogar.
- Fomentar a participación nas labores domésticas en forma axeitada a madurez dos nenos e das nenas .
- Fomentar a igualdade no xogo, familiarizando ao alumnado cos diferentes tipos de xoguetes, en base as súas características e funcionalidade.
- Evidenciar que en moitas da eleccións dos nenos e das nenas e das súas preferencias, como escoller un xoguete para nós ou para outros, hai moitos prexuizos.
- Fomentar o emprego de valores que propicien relacións equitativas coma o compañeirismo, a solidariedade e a empatía.
- Fomentar a resolución de problemas o través do traballo en equipo e da cooperación.
- Inculcar o través dos xogos e dos contacontos a incorporación de valores sociais positivos como a tolerancia, o respecto polos diferentes gustos persoais, e a igualdade.
- Fomentar un autoconcepto positivo, valorando e reforzando as calidades que diferencian ás persoas.
- Fomentar unha actitude participativa, reforzando as capacidades asertivas do alumnado

### *Contidos:*

#### *Contidos Conceptuais:*

- O corpo: diferenzas e semellanzas entre nenos e nenas.
- Obxectos presentes e habitualmente empregados no entorno doméstico: ferramentas, utensilios de limpeza.
- Traballos que se precisan na convivencia dun fogar (ámbito privado). Diferentes tarefas domésticas.
- Traballos que se realizan fora do fogar (ámbito público).Profesións.
- A Familia: diferentes tipos de familias.
- O xoguete e diferentes tipos : de construción, de coidados e hábitos sociais, de manipulación e destrezas manuais,....
- Roles de xénero.

### *Contidos Procedementais:*

- Verbalización e exposición visual da corporalidade diferente dos nenos e das nenas, minimizando no posible os tabús preexistentes nos nenos e nas nenas.
- Plasmación gráfica das partes do corpo que son diferentes entre os nenos e as nenas nunhas follas cun debuxo de dous monifates basicamente indistintos . Traballar de forma cooperativa.
- Identificación e busca de rectificación sobre os estereotipos baseados na diferente corporalidade dos nenos e nenas, e a través da posta en común e do consenso do grupo.
- Reflexión co alumnado, sobre como os alimentos non aparecen na neveira de forma espontánea, o baño non se limpa só, a comida non se prepara espontaneamente na cazola, nin a roupa sucia vai a lavadora ou se tende soa, ou pásalle o ferro por arte de maxia.
- Asociación dos debuxos da casa cos debuxos que a cada neno e nena se lles teña entregado e realización de murais con eles.
- Ordenación de maneira secuencial de tempos e traballos na casa, e plasmación nun mural que lles poida servir de recordo e reforzo.
- Comparación e identificación cos distintos traballos que se realizan dentro do fogar e entre quen os realiza.
- Expresión e intercambio de opinións e ideas acerca da presenza das mulleres en traballos considerados tradicionalmente masculinos.
- Posta en común dos contos, con preguntas de recordo e de reflexión sobre o tema a tratar.
- Identificación e visibilización dos distintos tipos de familias existentes na clase, reforzando en aquelas que son menos habituais: monoparentais, etc.
- Diferenciación e nomeamento dos compoñentes da familia, establecendo relacións de parentesco.
- Distinción das actividades propias da familia, remarcando as de ocio.
- Valoración asexuada de todos os xoguetes e maiormente daqueles considerados tradicionalmente como masculinos ou femininos ao través da posta en común das preferencias dos nenos e das nenas e do consenso en grupo.
- Emprego dunha linguaxe non sexista o dirixirnos a o alumnado e tentar de promover isto no profesorado (o que se encontre presente).

### *Contidos Actitudinais:*

- Que o alumnado tome conciencia que as únicas diferenzas que hai entre nenos e nenas son as do aparello reprodutor e que no resto somos iguais.
- Que o alumnado colla familiaridade co seu propio corpo, salientando a única diferenza física que hai entre eles.
- Que o alumnado coñeza e acepte con naturalidade os distintos tipos de familias próximos a eles.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

- 
- Que o alumnado tome conciencia de que non hai xogos, xoguetes nin actividades mais propias dun sexo que de outro.
  - Que o alumnado sexa consciente de que as tarefas da casa se deben compartir para repartir cargas e distribuír esforzos.
  - Tomar conciencia da importancia de ordenar os xoguetes e demais cousas da casa.
  - Que no alumnado se esperte a curiosidade e a motivación por compartir traballos coa familia.
  - Que o alumnado tome conciencia de que non hai tarefas nin profesións propias dun sexo mais que de outro.
  - Que o alumnado saiba que as preferencias son independentes do seu sexo.
  - Acadar un autoconcepto positivo.
  - Amosar unha actitude participativa.
  - Saber expresarse e recoñecer diferencias e similitudes.
  - Que o alumnado aprenda a tomar decisións con independencia do seu sexo.
  - Que o alumnado aprenda a valorar e respectar as decisións dos demais.

### *Programa Didáctico para Educación Infantil:*

As Técnicas decidiron desenvolver, tendo en conta as observacións anteriores:

- ❖ Tres obradoiros temáticos para 4º e 5º de Educación Infantil:
  - Identidade de Xénero e Corresponsabilidade.
  - Os Xoguetes. Combatendo o Sexismo no Xogo.
  
- ❖ Dous obradoiros temáticos para 6º de Educación Infantil:
  - Identidade de Xénero e Familia
  - Corresponsabilidade

- Traballo e Xoguetes.

Programa Didáctico para 4º e 5º de Educación Infantil

*Obradoiro 1: Identidade de Xénero e Corresponsabilidade*

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

### Presentación

– **Actividade: “Presentación”.**

As educadoras preséntanse ante o alumnado, din os seus nomes e o que van facer, e deixan que cada neno e nena se presente. Mentres unha monitora vailles preguntando o seu nome , a outra o vai escribindo sobre un adhesivo e colocándoa no peito dos rapaces e rapazas.

– **Actividade: “Recordo”.**

As monitoras recordan cos nenos e nenas ás monitoras do ano anterior "Minu e Anxeles" e fan un repaso do que recordan dos obradoiros do ano anterior.

### Identidade de Xénero

*Obxectivos Específicos:*

- Identificar e reflexionar sobre as semellanzas e as diferencias entre as persoas
- Nomear e normalizar as partes do corpo que diferencian os nenos e as nenas.
- Fomentar a resolución de problemas o través do traballo en equipo e da cooperación.

*Desenvolvemento da actividade:*

– **Actividade: “Posta en común”.**

As monitoras preguntan individualmente, aproveitando a presentación de cada un deles e delas, se son nenos ou son nenas. Se ven que son dados ou dadas a falar, lles preguntan porqué son nenos ou porqué son nenas.

– **Actividade: “Remuíño de ideas”.**

Lanzan o aire a pregunta, para que contesten en choiva de ideas, cales son as diferenzas entre ser neno ou ser nena.

– **Actividade: “Repaso sobre a igualdade”.**

Enlazando coa cuestión anterior, tentan de que atopen as semellanzas entre ser neno e ser nena, a través de preguntas sobre os seus gustos e preferencias nas comidas, nos xogos, na forma de vestir, etc.

– **Actividade: “Somos Diferentes, Somos Iguais”**

Presentación audiovisual en formato **power point** ou, (no caso de que a aula non tivese os medios necesarios), en láminas, con debuxos de nenos e nenas facendo actividades cotiás como xantar, bañarse, ducharse ou facer pis.



A medida que ensinan as imaxes, realizan o alumnado unha serie de preguntas abertas.

*Imaxe 1: Debuxo de catro nenos espidos. Teñen que atopar as diferenzas entre eles. Deberán dicir en base ao que observan, cales son nenos e cales nenas, e xustificalo.*

*Imaxe 2: Debuxo de neno e nena comendo. Pregúntanlles que están a comer os monifates, se saben se lles gusta o que comen, como o poden saber,... se os nenos e as nenas comen o mesmo... , e tentan de reflexionar que, as comidas non se preparan diferentes para os nenos que para as nenas.*

*Imaxe 3: Debuxo dunha nena e dun neno bañándose. Pregúntanlles que o que están a facer, e aclaran que só os poden ver de cintura para arriba, porque a auga cúbrelles as pernas, entón pregúntanlles de novo, ¿se os vésemos duchándose, saberíamos cal e o neno, e cal e a nena?*

*Imaxe 4: Debuxo dun neno e dunha nena duchándose. Pregúntanlles cal é o neno e cal a nena e porqué o saben. Se nomean as partes sexuais do corpo, tentarán de corrixirlles os vocábulos que non sexan exactos e de nomear estas partes correctamente.*

*Imaxe 5: Debuxo de nena e neno mexando. Pregúntanlles cal é o neno e cal a nena, e porqué . Aproveitan para reforzar os nomes das partes sexuais diferentes do neno e da nena.*

A continuación repasamos en grupo as diferenzas entre o corpo dunha nena e de un neno e lembramos que para ver a diferenza deben estar espidos.

### Corresponsabilidade

#### **Obxectivos Específicos:**

- Fomentar a corresponsabilidade na familia a través da familiarización cos diferentes tipos de tarefas e coa visibilización das persoas que as fan dentro do fogar.
- Fomentar a participación nas labores domésticas en forma axeitada a madurez dos nenos e das nenas .
- Fomentar o emprego de valores que propicien relacións equitativas coma o compañeirismo, a solidariedade e a empatía.
- Fomentar a resolución de problemas o través do traballo en equipo e da cooperación.
- Inculcar o través dos xogos e dos contacontos a incorporación de valores sociais

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

positivos como a tolerancia, o respecto polos diferentes gustos persoais, e a igualdade.

– ***Desenvolvemento da actividade:***

– ***Dinámica : "Ensalada de Obxectos".***

Se divide ao alumnado en grupos de non mais de cinco persoas. A cada un deles e delas, se lles entrega a imaxe dun obxecto necesario para as tarefas do fogar (aspiradora, vasoira, prancha, martelo, chave inglesa, fregona, etc. ). A medida que se lles ensinan e entregan os obxectos, os nenos e nenas deben representar con mímica, a tarefa na que se utilizan esas ferramentas, para que dean conta do tempo que leva o facelas, e que son moitas tarefas para facelas só unha persoa. Os demais nenos poden axudarlle, dicíndolle coma teñen que facelo.

– ***Contacontos: "O Misterio do Chocolate na Neveira".***

Con este conto pretenden xerar unha actitude de respecto polo traballo da persoa que cociña na casa, e descubrir que as cousas do fogar non se fan soas e que incluso hai actividades importantes nas que nunca nos fixamos (como limpar a neveira, ordenar a despensa) e, darse conta que as persoas que preparan a comida a diario, (xeralmente as nais) , pensan nos e nas demais, tendo en conta as súas necesidades e os seus gustos.

– ***Actividade: "Remuíño de ideas sobre as Tarefas do Fogar".***

Lanzan a os rapaces e rapazas unha choiva de ideas guiada sobre as tarefas do fogar, preguntanlles ao alumnado, *¿cales son as tarefas que se precisan facer nun fogar, e cal é a persoa que o fai?*.

– ***Actividade: "Corresponsabilidade".***

Entregan ao alumnado imaxes de corresponsabilidade con debuxos de mulleres e de homes realizando tarefas do fogar coma lavar, pasar o ferro, bañar o bebé, etc. Nunha cartolina debuxan unha casa con andares baleiros e comentan que teñen que enchela cos recortes que lles toquen.

– ***Actividade: "Presentación Visual".***

Nunha presentación audiovisual en formato power point as monitoras pasan as diferentes imaxes de corresponsabilidade, e a medida que saen na pantalla, os nenos e as nenas que teñen o recorte que aparece, levántanse e veñen cara a elas, para explicar á clase que acontece no debuxo.

– ***Actividade: " Mural".***

O alumnado pega cada un o seu recorte nalgunha das plantas que hai na casa, para que o mural quede na clase exposto a modo de recordo e reforzo da actividade.

#### Despedida

- **Resumen do aprendido e visto**
- **Entrega de calendarios a os nenos e as nenas, a modo de agasallo .**

**Programa Didáctico para 4º e 5º de Educación Infantil**

**Obradoiro 2: Os Xoguetes. Combatendo o Sexismo no Xogo.**

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

### Presentación

– **Actividade: “Presentación”.**

As educadoras preséntanse ante a clase, din os seus nomes e o que van a facer, e deixan que cada neno e nena se presente.

– **Actividade: “Recordo”.**

Repaso do obradoiro anterior.

### Xogo de disfraces

**Obxectivos Específicos:**

- Fomentar un autoconceito positivo, valorando e reforzando as calidades que diferencian ás persoas.
- Fomentar unha actitude participativa, reforzando as capacidades asertivas do alumnado

**Desenvolvemento da actividade:**

– **Actividade: “Posta en común”.**

Preguntan a os nenos e ás nenas se coñecen o conto do Ratiño Pérez e se saben porque este deixa agasallos a os rapaces e o porqué de levarse a cambio o dente que lles caeu.

– **Actividade: “Caracterización”.**

Disfrazan a os nenos e ás nenas en ratiños e ratiñas. Poñen ao alumnado unhas diademas con orellas de cores diferentes e píntanlles uns bigotes e un nariz de rato.

### Contacontos

**Obxectivos Específicos:**

- Fomentar o emprego de valores que propicien relacións equitativas coma o compañeirismo, a solidariedade e a empatía.
- Fomentar a resolución de problemas o través do traballo en equipo e da cooperación.
- Inculcar o través dos xogos e dos contacontos a incorporación de valores sociais positivos como a tolerancia, o respecto polos diferentes gustos persoais, e a igualdade.

**Desenvolvemento da actividade:**

– **Contacontos: "O Ratiño Pérez".**

Este conto narra a historia de porqué o Ratiño Pérez comezou a estraña e divertida costume de recoller cada noite os dentes de leite caídos, e cambialos por agasallos.

**Xogo: O Ratiño Pérez**

**Obxectivos Específicos:**

- Fomentar a igualdade no xogo, familiarizando ao alumnado cos diferentes tipos de xoguetes, en base as súas características e funcionalidade.
- Evidenciar que en moitas da eleccións dos nenos e das nenas e das súas preferencias, como escoller un xoguete para nós ou para outros, hai moitos prexuízos.
- Fomentar unha actitude participativa, reforzando as capacidades asertivas do alumnado

**Desenvolvemento da actividade:**

– **Actividade: "Elección dun xoguete".**

Tras narrar o conto, cada nena e neno interpretan o papel de axudantes do Ratiño Pérez. Elixen un recorte dun xoguete que hai nunha caixa, e o gardan nun sobre para regalallo a un neno ou nena desdentado/a. Despois as monitoras recollen todos os sobres para levalos ao Ratiño Pérez.

A continuación, pónenlles música relaxante ("Calmo" de Ludovico Einaudi ) e lles din que vanse quedar durmidos e que cando esperten vai acontecer algo máxico.

Mentres dormen as nenas e os nenos, as monitoras lles sacan as diademas de orellas e lles deixan un dos sobres ao seu carón.

Pónenlles unha canción mais animada ( "Música para Ballet clásico. Tarantela Italiana") para que esperten e descubran o agasallo sorpresa que lles deixa o Ratiño Pérez .

– **Actividade: "Posta en común".**

As monitoras deixan un tempo para que as nenas e os nenos se ensinen os agasallos e intercambien opinións, que poñan en común cos compañeiros e compañeiras o xoguete que lle toque e logo reforzan o emparellamento "neno/a - xoguete", chamándoos de un en un, para que fronte o resto da clase lles comenten cal é o xoguete e as calidades do xogo a o resto da clase.

– **Actividade: "Mural para a clase".**

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

As monitoras ensinan un mural onde aparece debuxado un ratiño e unha ratiña (imaxes exactamente iguais), que sosteñen unhas sacas baleiras onde os nenos e as nenas deben pegar o xoguete que lles toque. Antes diso terán que explicarlles a todos de forma individual o seu recorte.

*Tentarán de que os sacos queden coa mesma proporción de xoguetes e coa mesma variedade.*

### Baile

#### *Obxectivos Específicos:*

- Fomentar o emprego de valores que propicien relacións equitativas coma o compañeirismo, a solidariedade e a empatía.
- Inculcar o través dos xogos e dos contacontos a incorporación de valores sociais positivos como a tolerancia, o respecto polos diferentes gustos persoais, e a igualdade.
- Fomentar un autoconceito positivo, valorando e reforzando as calidades que diferencian ás persoas.
- Fomentar unha actitude participativa, reforzando as capacidades asertivas do alumnado

#### *Desenvolvemento da actividade:*

- **Actividade:** “*Andaluna y Samir. Derechos a la aventura*”.

As monitoras poñen o vídeo e deixan que os nenos e as nenas se solten, que escoiten a canción e elas cantan a letra, para que a poidan aprender e cantar todos xuntos. Neste vídeo de debuxos animados, os protagonistas, unha nena e un neno mostran cantando unha canción na que todos os xoguetes son divertidos e que os nenos e as nenas son iguais e que deben respectarse os seus gustos persoais, chegando a ser un día o que imaxinen porque neste mundo xuntos vivirán.

### Despedida

- **Resumen do aprendido**
- **Entrega de agasallos**

Programa didáctico para 6º de Educación Infantil

*Obradoiro 1: Identidade de xénero e familia*

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

### Presentación

– **Actividade: “Presentación”.**

As educadoras preséntanse ante o alumnado, din os seus nomes e o que van facer, e deixan que cada neno e nena se presente. Mentres unha monitora vailles preguntando o seu nome , a outra o vai escribindo sobre unha pegatina e colocándoa no peito dos rapaces e rapazas.

– **Actividade: “Recordo”.**

As monitoras recordan cos nenos e nenas ás monitoras do ano anterior "Minu e Anxeles" e fan un repaso do que recordan dos obradoiros do ano anterior.

### Identidade de Xénero

*Obxectivos Específicos:*

- Identificar e reflexionar sobre as semellanzas e as diferencias entre as persoas
- Nomear e normalizar as partes do corpo que diferencian os nenos e as nenas.
- Fomentar a resolución de problemas o través do traballo en equipo e da cooperación.

*Desenvolvemento da actividade:*

– **Actividade: “Posta en común”.**

As monitoras preguntan individualmente, aproveitando a presentación de cada un deles e delas, se son nenos ou son nenas. Se ven que son dados ou dadas a falar, lles preguntan porque son nenos ou porque son nenas.

– **Actividade: “Remuíño de ideas”.**

Lanzan o aire a pregunta, para que contesten en choiva de ideas, cales son as diferenzas entre ser neno ou ser nena.

– **Actividade: “Repaso sobre a igualdade”.**

Enlazando coa cuestión anterior, tentan de que atopen as semellanzas entre ser neno e ser nena, a través de preguntas sobre os seus gustos e preferencias nas comidas, nos xogos, na forma de vestir, etc.

– **Actividade: “Somos Diferentes, Somos Iguais”**

Presentación audiovisual en formato de power point ou, (no caso de que a aula non tivese os medios necesarios), en láminas, con debuxos de nenos e nenas facendo actividades cotiás como xantar, bañarse, ducharse ou facer pis.

A medida que ensinan as imaxes, realizan o alumnado unha serie de preguntas



abertas.

*Imaxe 1: Debuxo de catro nenos espidos. Teñen que atopar as diferenzas entre eles. Deberán dicir en base ao que observan, cales son nenos e cales nenas, e xustificalo.*

*Imaxe 2: Debuxo de neno e nena comendo. Pregúntanlles que están a comer os monigotes, se saben se lles gusta o que comen, como o poden saber,... se os nenos e as nenas comen o mesmo... , e tentan de reflexionar que, as comidas non se preparan diferentes para os nenos que para as nenas.*

*Imaxe 3: Debuxo dunha nena e dun neno bañándose. Pregúntanlles que o que están a facer, e aclaran que só os poden ver de cintura para arriba, porque a auga cúbrelles as pernas, entón pregúntanlles de novo, ¿se os vésemo duchándose, saberíamos cal e o neno, e cal e a nena?*

*Imaxe 4: Debuxo dun neno e dunha nena duchándose. Pregúntanlles cal é o neno e cal a nena e porqué o saben. Se nomean as partes sexuais do corpo, tentarán de corrixirlles os vocablos que non sexan exactos e de nomear estas partes correctamente.*

*Imaxe 5: Debuxo de nena e neno mexando. Pregúntanlles cal é o neno e cal a nena, e porqué . Aproveitan para reforzar os nomes das partes sexuais diferentes do neno e da nena.*

A continuación repasamos en grupo as diferenzas entre o corpo dunha nena e de un neno e lembramos que para ver a diferenza deben estar espidos.

– **Actividade: " Debuxo neno e nena"**

As monitoras entregan ao alumnado unha folla en tamaño A5 cun debuxo (só as liñas) de unha nena e de un neno duchándose e eles deberán colorealos e pintarlles a parte do corpo que lles falta e que os diferencia coma neno e nena. A continuación únense os distintos debuxos e faise un mural para que quede exposto na aula.

## Familia

### *Obxectivos Específicos:*

- Coñecer e darlle visibilidade aos diferentes tipos de familias existentes.
- Visibilizar a presenza de mulleres en traballos considerados tradicionalmente masculinos, tomando conciencia de que non hai tarefas propias de cada sexo.
- Fomentar o emprego de valores que propicien relacións equitativas coma o compañeirismo, a solidariedade e a empatía.
- Fomentar a resolución de problemas o través do traballo en equipo e da cooperación.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

- Inculcar o través dos xogos e dos contacontos a incorporación de valores sociais positivos como a tolerancia, o respecto polos diferentes gustos persoais, e a igualdade.
- Fomentar un autoconceito positivo, valorando e reforzando as calidades que diferencian ás persoas.
- Fomentar unha actitude participativa, reforzando as capacidades asertivas do alumnado

### *Desenvolvemento da actividade:*

- **Contacontos : "A familia de Carlota" .**

Este conto narra a historia de Carlota, unha nena que vive nun orfanato no que espera ansiosa a que a veña a buscar a súa nova familia adoptiva. Durante toda a noite imaxina como serán: ¿pasteleiros?, ¿piratas?, ¿domadores de tigres?, ¿astronautas?. Cando chegan Os Pérez, Carlota descobre que son todo iso e moito máis.

- **Actividade: "Posta en común".**

Lanzan á clase preguntas sobre o conto tales como: quen e a protagonista, como lle gustaría que fora a súa familia, quen vive con Carlota, como son as familias e os tipos.

- **Actividade: "Tipos de Familias".**

A continuación, para que o alumnado coñeza e se familiarice cos distintos tipos de familias existentes e as normalice, deixan que conten a os demais da clase cales son as persoas que viven con eles na súa casa.

### **Despedida**

- **Resumen do aprendido**
- **Entrega de calendarios a os nenos e as nenas, a modo de agasallo para levar a súa casa.**

**Programa didáctico para 6º de Educación Infantil**  
**Obradoiro 2: Corresponsabilidade**

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

### Presentación

– **Actividade: “Presentación”.**

As educadoras preséntanse ante a clase, din os seus nomes e o que van a facer, e deixan que cada neno e nena se presente.

– **Actividade: “Recordo”.**

Repaso do obradoiro anterior.

### Corresponsabilidade

*Obxectivos Específicos:*

- Fomentar a corresponsabilidade na familia a través da familiarización cos diferentes tipos de tarefas e coa visibilización das persoas que as fan dentro do fogar.
- Fomentar a participación nas labores domésticas en forma axeitada a madurez dos nenos e das nenas .
- Fomentar a resolución de problemas o través do traballo en equipo e da cooperación.
- Inculcar o través dos xogos e dos contacontos a incorporación de valores sociais positivos como a tolerancia, o respecto polos diferentes gustos persoais, e a igualdade.
- Fomentar unha actitude participativa, reforzando as capacidades asertivas do alumnado.

*Desenvolvemento da actividade:*

– **Actividade: “Contacontos Unha Feliz Catástrofe”.**

As educadoras proxectan sobre a pantalla os debuxos animados baseados no conto orixinal de Adela Turín.

A través del se pretende abrir o dialogo cos nenos e nenas sobre a desigual distribución dos traballos e as responsabilidades da vida cotiá entre homes e mulleres.

– **Actividade: “Posta en común”.**

Despois do visionado do conto fanse cuestións sobre el ao alumnado, e as monitoras recollen as principais ideas que xurdiron no vídeo, explicándolles a diferenza de antes e despois da catástrofe.

– **Actividade: “Remuíño de ideas sobre as tarefas do fogar”.**

Lanzan a os rapaces e rapazas unha choiva de ideas guiada sobre as tarefas do fogar, preguntanlles ao alumnado, **¿cales son as tarefas que se precisan facer nun fogar,**

e cal é a persoa que o fai?.

– **Actividade: "Corresponsabilidade".**

Entregan ao alumnado imaxes de corresponsabilidade con debuxos de mulleres e de homes realizando tarefas do fogar coma lavar, pasar o ferro, bañar o bebé, etc. Nunha cartolina debuxan unha casa con andares baleiros e comentan que teñen que enchela cos recortes que lles toquen.

– **Actividade: "Presentación Visual".**

Nunha presentación audiovisual en formato power point as monitoras pasan as diferentes imaxes de corresponsabilidade, e a medida que saen na pantalla, os nenos e as nenas que teñen o recorte que aparece, levántanse e veñen cara a elas, para explicar á clase que acontece no debuxo.

– **Actividade: "Mural".**

O alumnado pega cada un o seu recorte nalgunha das plantas que hai na casa, para que o mural quede na clase exposto a modo de recordo e reforzamento da actividade.

### Baile

*Obxectivos Específicos:*

- Fomentar a igualdade no xogo, familiarizando ao alumnado cos diferentes tipos de xoguetes, en base as súas características e funcionalidade.
- Evidenciar que en moitas da eleccións dos nenos e das nenas e das súas preferencias, como escoller un xoguete para nós ou para outros, hai moitos prexuízos.
- Inculcar o través dos xogos e dos contacontos a incorporación de valores sociais positivos como a tolerancia, o respecto polos diferentes gustos persoais, e a igualdade.
- Fomentar un autoconcepto positivo, valorando e reforzando as calidades que diferencian ás persoas.
- Fomentar unha actitude participativa, reforzando as capacidades asertivas do alumnado.

*Desenvolvemento da actividade:*

– **Actividade: "Andaluna y Samir. Derechos a la aventura".**

As monitoras poñen o vídeo e deixan que os nenos e as nenas se solten, que escoiten a canción e elas cantan a letra, para que a poidan aprender e cantar todos xuntos. Neste vídeo de debuxos animados, os protagonistas, unha nena e un neno mostran

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

cantando unha canción na que todos os xoguetes son divertidos e que os nenos e as nenas son iguais e que deben respectarse os seus gustos persoais, chegando a ser un día o que imaxinen porque neste mundo xuntos vivirán.

Despedida

– **Resumen do aprendido**

Programa didáctico para 6º de Educación Infantil

*Obradoiro 3: Traballo e Xoguetes*

### Presentación

– **Actividade: “Presentación”.**

As educadoras preséntanse ante a clase, din os seus nomes e o que van a facer, e deixan que cada neno e nena se presente.

– **Actividade: “Recordo”.**

Repaso do obradoiro anterior.

### Traballo

**Obxectivos Específicos:**

- Visibilizar a presenza de mulleres en traballos considerados tradicionalmente masculinos, tomando conciencia de que non hai tarefas propias de cada sexo.
- Fomentar o emprego de valores que propicien relacións equitativas coma o compañeirismo, a solidariedade e a empatía.
- Fomentar a resolución de problemas o través do traballo en equipo e da cooperación.
- Inculcar o través dos xogos e dos contacontos a incorporación de valores sociais positivos como a tolerancia, o respecto polos diferentes gustos persoais, e a igualdade.
- Fomentar un autoconcepto positivo, valorando e reforzando as calidades que diferencian ás persoas.
- Coñecer e darlle visibilidade aos diferentes tipos de traballos existentes.

**Desenvolvemento da actividade:**

– **Actividade: “Choiva de ideas sobre o traballo”**

Preguntan ao alumnado que é o que queren ser de maiores, en que traballan as persoas que coñecen mentres eles están na escola, e se saben contar en que consisten eses traballos.

### Xoguetes

**Obxectivos Específicos:**

- Fomentar a igualdade no xogo, familiarizando ao alumando cos diferentes tipos de xoguetes, en base as súas características e funcionalidade.
- Evidenciar que en moitas da eleccións dos nenos e das nenas e das súas preferencias, como escoller un xoguete para nós ou para outros, hai moitos prexuízos.
- Fomentar o emprego de valores que propicien relacións equitativas coma o

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

compañeirismo, a solidariedade e a empatía.

- Tomar conciencia da importancia de ordenar os xoguetes e demais cousas da casa.
- Fomentar a corresponsabilidade na familia.

### Desenvolvemento da actividade:

- **Actividade: *Contacontos "Os xoguetes ordenados"*.**

Este conto narra a historia de un neno que nunca recolle os seus xoguetes e os xoguetes cansos de ordenarse e poñerse no seu lugar eles sós, como castigo, néganse a xogar co rapaz.

O conto transmite a os nenos e as nenas a importancia que ten ordenar os xoguetes para poder atopalos cando desexen voltar a xogar con eles e para que non os teñan que recoller os seus pais. De esta forma foméntase tamén a corresponsabilidade.

- **Actividade: *"Repaso"*.**

As monitoras recordan que é a corresponsabilidade e a importancia de colaborar nas actividades na casa e de recoller os xoguetes e os útiles.

- **Actividade: *"Xogo O Agasallo Invisible"*.**

As educadoras explican aos alumnos e alumnas a dinámica do xogo e as regras do mesmo. Entréganlles os sobres e dánlles unha caixa chea de recortes de xoguetes con distinta funcionalidade: de construción, de coidados, de manipulación e destreza manuais, etc.

Piden ao alumnado que meta nun sobre o xoguete que mais lle guste dos recortes de xoguetes, pero que non se esquezan de que non son para eles ou para elas, senón para un amigo ou amiga especial que non coñecen. A continuación, métense os sobres nun saco e as alumnas e os alumnos deberán de un en un, sacar un sobre da saca.

Deixan un tempo para que as nenas e os nenos se ensinen os agasallos e intercambien opinións, que poñan en común cos compañeiros e compañeiras o xoguete que lles toque e logo reforzan o emparellamento "nenos/a - xoguete", para elo os chaman de un en un, e piden que fronte o resto da clase comenten o xoguete e as calidades do xogo.

- **Actividade: *"Mural para a clase"*.**

As monitoras ensinan un mural onde aparece debuxado un ratiño e unha ratiña (imaxes exactamente iguais), que sosteñen unhas sacas baleiras onde os nenos e as nenas deben pegar o xoguete que lles toque. Antes diso terán que explicarlles a todos de forma individual o seu recorte.

*Tentarán de que os sacos queden coa mesma proporción de xoguetes e coa mesma variedade.*



**Despedida**

- **Resumen do aprendido**
- **Entrega de agasallos**

---

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

---

**Obxectivos:**

*Obxectivo xeral*

- Fomentar a educación en Igualdade de Oportunidades entre nenos e nenas dende a Comunidade Educativa para promover a coeducación e previr a violencia de xénero.

*Obxectivos específicos*

- Educar nos conceptos de igualdade de xénero, tales como: como coeducación, igualdade de oportunidades, violencia de xénero, corresponsabilidade, convivencia, feminismo, ...
- Clarificar e reforzar a idea de igualdade que teñen os nenos e as nenas de esta etapa educativa.
- Identificar os estereotipos sociais e arquetipos sexuais que imperan e se traducen ao

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

### *Concellería da Igualdade*

#### *Concello de Vigo*

- través dos medios de comunicación, tentando de rachar cos estereotipos de xénero.
- Coñecer os distintos modelos de socialización diferencial e os seus mecanismos de traballo.
- Fomentar a corresponsabilidade entre os membros da familia.
- Visibilizar o traballo doméstico que se xera das necesidades da convivencia familiar e visibilizar por tanto a carga engadida dende a realidade particular do alumnado.
- Fomentar a igualdade no ámbito do traballo.
- Coñecer as achegas das mulleres á Historia da humanidade.
- Observar o papel da muller na familia e na sociedade.
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida, comparando os roles das mulleres cos dos homes.
- Desenvolver a capacidade de observación na linguaxe visual.
- Promover no alumnado unha visión máis crítica da publicidade, e da televisión.
- Rexeitar a violencia como forma de relacionarse, valorarse e resolver conflitos.
- Identificar situacións de maltrato relacionadas coa violencia de xénero.
- Repasar e afianzar os conceptos traballados nas actividades e nos obradoiros anteriores.
- Avaliar as aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado nas actividades e nos obradoiros anteriores.

#### *Contidos:*

#### *Contidos Conceptuais:*

- Igualdade de Oportunidades versus Discriminación.
- Xénero, Estereotipos de Xénero e Socialización Diferencial.
- Medios de comunicación e Linguaxe Sexista.
- Publicidade Sexista.
- Corresponsabilidade e Dobre Xornada.
- Roles de xénero.
- Traballo na casa (ámbito privado), e traballo fóra da casa (ámbito público).
- Igualdade de xénero no eido laboral.
- Mulleres relevantes na historia.
- Maltrato, Violencia de Xénero e afectividade.
- Relacións construtivas e destrutivas.

#### *Contidos Procedimentais:*

- Reflexión e análise crítica de materiais escritos e audiovisuais sobre a Igualdade de Oportunidades no entorno do alumnado: familia, escola e sociedade.
- Identificación e visibilización de estereotipos sociais e arquetipos sexuais que imperan e se traducen ao través dos medios de comunicación.
- Disección e análise de imaxes publicitarias dun modo crítico e tratamento destas imaxes en relación co estereotipos das mulleres e dos homes.

- Reflexión e análise de diferentes curtos publicitarios denunciados por conter publicidade sexista.
- Exposición e argumentación oral do alumnado.
- Realización de choiva de ideas.
- Desenrolo da argumentación e contrargumentación en grupos.
- Análise de diferentes personaxes de series de debuxos animados de TV que conforman e manteñen estereotipos sexistas.
- Expresión e intercambio de opinións e ideas acerca da presenza das mulleres en traballos considerados tradicionalmente masculinos.
- Posta en común dos cuestionarios e das enquisas realizadas na aula.
- Diferenciación e nomeamento das discriminacións lingüísticas utilizadas nos anuncios de emprego.
- Distinción das actividades precisas para a convivencia nun fogar: hixiene, alimentación, vestir, ocio, etc. propias da familia, remarcando quen fai cada unha delas na casa dos alumnos e das alumnas.
- Emprego dunha linguaxe non sexista o dirixirnos a o alumnado e tentar de promover isto no profesorado (o que se encuentre presente).

### *Contidos Actitudinais:*

- Que o alumnado tome conciencia que as tarefas de casa deben repartirse equitativamente para acadar calidade de vida para toda a familia.
- Que o alumnado colla familiaridade coa exposición das súas experiencias, opinións e presente argumentacións ou contrargumentacións en gran grupo.
- Que no alumnado se esperte o seu espírito crítico fronte aos medios de comunicación e os anuncios publicitarios que discriminan a muller.
- Que o alumnado tome conciencia de que non hai actividades nin profesións máis propias dun sexo que de outro.
- Que no alumnado se esperte a curiosidade e a motivación por compartir traballos coa familia.
- Que no alumnado se xere unha visión crítica sobre a imaxe altamente sexuada que nos aportan os medios de comunicación dos homes e das mulleres.
- Que os rapaces e rapazas se sensibilicen fronte a violencia de xénero.
- Que o alumnado saiba que as preferencias son independentes do seu sexo.
- Que o alumnado aprenda a tomar decisións con independencia do seu sexo.
- Que o alumnado aprenda a valorar e respectar as opinións dos demais e saiba .
- Que os rapaces e rapazas aprendan a ver as calidades positivas dos demais.
- Que no alumnado se propicie a asunción de responsabilidades en canto a combatir a discriminación de Xénero.

### *Programa didáctico para 6º de Educación Primaria*

O programa consta de tres obradoiros temáticos interrelacionados, en cada un dos cales levaranse a cabo distintas actividades.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

---

- Identidade de xénero, erradicación de estereotipos e a muller na historia
- Corresponsabilidade, traballo e dobre xornada e publicidade sexista
- Afectividade, violencia de xénero e o sexismo nos medios

*Programa didáctico para 6º de Educación Primaria*

*Obradoiro 1: Identidade de xénero. Erradicación de estereotipos. A muller na historia*

## Presentación

– **Actividade: “Presentación do Programa”.**

As educadoras preséntanse ante o alumnado, din os seus nomes e o que van facer a través deste programa “Camiña con Nós pola Igualdade”, quen o promove, en que consiste, cal é a súa finalidade, como o é o seu desenvolvemento. Preséntanse os tres núcleos temáticos do programa.

– **Actividade: “Presentación do alumnado”.**

As monitoras animan ao alumnado a que se presenten e engadan a súa presentación, unha das súas afeccións. Pode ser un deporte, o último libro que han lido, etc...isto vai a dar pé a que se con posterioridade, se precisa pór algún exemplo, se faga dende o máis próximo a eles e a elas. Tamén vai na procura de evitar tensións iniciais cara o programa e sentar confianza entre o alumnado cara ás monitoras.

– **Actividade: “Remuíño de ideas”.**

Sobre a palabra igualdade. Anótanse as achegas das alumnas e dos alumnos no encerado.

Lánzase unha pregunta ao aire. **¿Que pensades que é, ou en que consiste a Igualdade de Oportunidades?** As monitoras insisten en que a modo de “choiva de ideas”, comenten o que lles parece. Pode ser unha palabra, un sentimento, un exemplo, ... e que o digan nas súas palabras. O importante é fomentar a máxima participación do alumnado neste momento inicial, e reforzalo.

Se alude a importancia da Igualdade de Oportunidades coma política de non discriminación e se comenta que xa que na actualidade aparece cada dous por tres nos medios, resulta de suma importancia ter claro todo o que lle concirne. Sen embargo para isto é preciso sentar unhas boas bases conceptuais. Se puntualiza que serán poucos conceptos pero teñen que estar todos moi claros.

## Identidade de xénero

**Obxectivos Específicos:**

- Educar nos conceptos de igualdade de xénero, tales como: coeducación, igualdade de oportunidades, violencia de xénero, corresponsabilidade, convivencia, feminismo, ...
- Clarificar e reforzar a idea de igualdade que teñen os nenos e as nenas de esta etapa educativa.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

- Comparar os roles das mulleres cos dos homes.
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida.
- Clarificar e reforzar a idea de igualdade que teñen os nenos e as nenas de esta etapa educativa.
- Coñecer os distintos modelos de socialización diferencial e os seus mecanismos de traballo.

### *Desenvolvemento da actividade:*

- **Actividade: “Introdución conceptual sobre a Igualdade de Oportunidades”.**

Apoiándose cunha presentación visual en formato power point, desgránanse os conceptos mais sobresaíntes da Igualdade de Oportunidades, "xénero, sexo e estereotipos" a mais daqueles que vaian saíndo.

Incídese no tratamento social diferenciador a través dos distintos axentes: a familia, a escola, os grupos de iguais, os medios de comunicación e a linguaxe sexista.

## **Estereotipos sexistas**

### *Obxectivos Específicos:*

- Romper os estereotipos de xénero.
- Identificar os estereotipos sociais e arquetipos sexuais dos alumnos e alumnas.
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida.

### *Desenvolvemento da actividade:*

- **Enquisa sobre "Rasgos da Personalidade".**

Organízase a clase en grupos , de catro a cinco persoas en cada un. A cada grupo se lle entrega unha folla coa enquisa. Os grupos a enchen, durante un tempo máximo de 4 minutos. As monitoras comentan que é un formulario sobre rasgos da personalidade no que deben indicar se consideran que eses rasgos son da muller ou do home ou se son indistintos do sexo.

A continuación, continuando en pequeno grupo, deben dicir, se eses rasgos son positivos ou negativos, segundo sexan masculinos ou femininos.

O rematar, faise unha posta en común na clase sobre que lles parece a actividade.

## **A muller na historia**

***Obxectivos Específicos:***

- Coñecer as achegas das mulleres á Historia da humanidade.
- Observar o papel da muller na familia e na sociedade
- Romper os estereotipos de xénero.

***Desenvolvemento da actividade:***

- **Actividade: "Xogo das Adiviñas".**

Faise unha presentación en Power Point de diferentes biografías, de homes e de mulleres e, en pequeno grupo, o alumnado ten que adiviñar se pertence a un home ou a unha muller.

A continuación, ponse en común, vendo as solucións nas diapositivas, coas fotos da persoa a que se refira cada profesión.

*Nota: En caso de non se poder facer a presentación en Power Point, entregarase ó alumnado fotocopias das biografías e, a continuación, verase a solución coas fotos de cada persoa a que se refira cada profesión.*

**Despedida**

- "Exposición libre de ideas de Igualdade".
- Repaso do aprendido

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

---

*Programa didáctico para 6º de Educación Primaria*

*Obradoiro2: Corresponsabilidade. Traballo e dobre xornada. Publicidade sexista*



### Presentación

- **Actividade: “Presentación”.**

*As monitoras se presentan e recordan o seu nome, falan dalgunha afección sobresaínte dalgúns deles e delas para propiciar a familiaridade.*

- **Actividade: “Recordo”.**

*Repaso do obradoiro anterior.*

### Corresponsabilidade

#### *Obxectivos Específicos:*

- Educar nos conceptos de igualdade de xénero, tales como: igualdade de oportunidades, corresponsabilidade, convivencia.
- Fomentar a corresponsabilidade entre os membros da familia.
- Observar o papel da muller na familia e na sociedade
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida.
- Comparar os roles das mulleres cos dos homes.
- Visibilizar o traballo doméstico que se xera das necesidades da convivencia familiar e Visibilizar por tanto a carga engadida dende a realidade particular do alumnado.
- Repasar e afianzar os conceptos traballados nas actividades e nos obradoiros anteriores.
- Avaliar as aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado nas actividades e nos obradoiros anteriores.

#### *Desenvolvemento da actividade:*

- **Actividade: “Introdución conceptual do termo Corresponsabilidade”.**

*As monitoras comentan que neste obradoiro soamente vannos introducir nun concepto, o de corresponsabilidade e preguntan se saben o que significa esta palabra. Logo de deixar un rato, proxectan a primeira Diapositiva coa definición, e a explican.*

- **Actividade: Visualización do corto “Un Soño Imposible”.**

*Neste corto animado pódese ver un día na vida dunha muller, que afronta a diario o rol de ama de casa e que tamén traballa fora, sobre a que recae todo o peso do traballo e a responsabilidade familiar. Este papel vai sendo aprendido pola filla. Ao final proponnos como o soño dunha vida na que todos os membros da familia asumen un papel no desenrolo das tarefas domésticas e nas responsabilidades familiares, non é tan difícil.*

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

– **Actividade: “Posta en común”.**

A continuación fan unha posta en común sobre as imaxes do vídeo e sobre as diferenzas nas ocupacións de cada persoa dentro do fogar segundo sexan homes ou mulleres. As monitoras insisten na reflexión dos papeis que desenvolven a filla e o fillo para poder repasar a socialización diferencial.

– **Actividade: “Análise da Dobre Xornada”.**

Aproveitando o visionado do vídeo que a exemplifica co rol da nai, comentan o que é a Dobre Xornada.

– **Actividade: “Enquisa Reparto de Tarefas dentro do Fogar”.**

O alumnado, de forma individual ten que encher unha enquisa con diferentes tarefas do fogar, indicando cal é a persoa que as realiza de forma habitual na súa casa, indicando o grao de parentesco co alumno ou alumna que enche o cuestionario.

### Traballo

#### *Obxectivos Específicos:*

- Fomentar a igualdade no ámbito do traballo.
- Observar o papel da muller na familia e na sociedade
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida.
- Identificar os estereotipos sociais e arquetipos sexuais que imperan e se traducen ao través dos medios de comunicación.

#### *Desenvolvemento da actividade:*

– **Actividade: “Linguaxe Sexista nas Ofertas de Traballo”.**

Se dispón a clase dividida en pequenos grupos, de tres a cinco persoas, a continuación entréganlles un par de follas con recortes de prensa fotocopiados, extraídos da sección de ofertas de traballo, inclúese tanto anuncios discriminatorios como os que non o sexan, para que o alumnado aprenda a distinguir a linguaxe sexista neles. En pequeno grupo len os recortes de prensa destas ofertas de emprego e, teñen que seleccionar aqueles que son igualitarios e aqueles que son discriminatorios. A continuación, nunha nova folla predeseñada cunha maqueta de anuncio, teñen que incluír nela o anuncio discriminatorio elixido e reconvertelo para que quede igualitario.

### Mural

**Obxectivos Específicos:**

- Fomentar a corresponsabilidade entre os membros da familia.
- Fomentar a igualdade no ámbito do traballo.
- Observar o papel da muller na familia e na sociedade
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida.
- Comparar os roles das mulleres cos dos homes.
- Visibilizar o traballo doméstico que se xera das necesidades da convivencia familiar e Visibilizar por tanto a carga engadida dende a realidade particular do alumnado.
- Repasar e afianzar os conceptos traballados nas actividades e nos obradoiros anteriores.
- Avaliar as aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado nas actividades e nos obradoiros anteriores.

**Desenvolvemento da actividade:**

- **Actividade: “Mural”.**

As monitoras entregan ás alumnas e alumnos unha cartolina dividida en dúas metades, e unhas tiras de folios de cores diferentes, para nun dos espazos, representar graficamente o “Traballo dentro do fogar” e o “Traballo fora do fogar”, volcando as porcentaxes de homes e de mulleres (previamente corrixidos polas monitoras), que realizan as tarefas do fogar. Na outra metade, teñen que pegar os recortes de prensa sobre ofertas de traballo que seleccionen como igualitarios e discriminatorios e os rectificandos.

**Publicidade**

**Obxectivos Específicos:**

- Identificar os estereotipos sociais e arquetipos sexuais que imperan e se traducen ao través dos medios de comunicación.
- Observar o papel da muller na familia e na sociedade
- Desenvolver a capacidade de observación na linguaxe visual.
- Promover no alumnado unha visión máis crítica da publicidade,
- Promover no alumnado unha visión máis crítica da televisión. Coñecer os distintos modelos de socialización diferencial e os seus mecanismos de traballo.
- Repasar e afianzar os conceptos traballados nas actividades e nos obradoiros anteriores.
- Avaliar as aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado nas actividades e nos obradoiros anteriores.

**Desenvolvemento da actividade:**

– **Actividade: “ Imos ser publicistas por un día”.**

As monitoras comentan ás alumnas e os alumnos que a seguinte actividade require de pórse no papel dun creativo ou creativa de publicidade, pois teñen que visionar vídeos publicitarios nos que a imaxe do home e da muller aparece sesgada.

Coa pregunta de **¿Queredes xogar a ser publicistas por un día?**, comeza a actividade, se lles comenta que teñen que pór moita atención porque se tenta de descubrir:

**1.-¿ A quen imos vender o produto ou servizo? .**Teñen que discriminar no posible co máximo de características o grupo diana a que vai dirixida a mensaxe. Non só se é para homes ou para mulleres, senón que tipo de homes ou mulleres.

**2.-¿Cal é o produto ou servizo que queremos vender neste anuncio?.**

**3.-¿Cal é o estereotipo que aparece no anuncio?.**

Se traballa dende a aportación de gran grupo. En algún momento se o grupo é pequeno ou pouco participativo, procurase que algún alumno ou alumna dirixa a disección dalgún anuncio en concreto para fomentar a participación.

A continuación faise unha análise deses anuncios.

As educadoras falan de como nos medios de comunicación se da unha importancia excesiva á imaxe exterior das persoas, e non a outras aptitudes, como poden ser a intelixencia, afabilidade, cultura, espírito crítico, etc.

Se aproveita para falar das necesarias na sociedade actual.

### Despedida

– **Resumen do aprendido**

*Programa didáctico para 6º de Educación Primaria*

*Obradoiro 3: Afectividade. Violencia de Xénero . Sexismo nos Medios*

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

### Presentación

- **Actividade: “Presentación”.**

*As monitoras preséntanse ao grupo.*

- **Actividade: “Recordo”.**

*Repaso do obradoiro anterior, centrándose en estereotipos, corresponsabilidade e traballo.*

### Repaso de enquisas

#### *Obxectivos Específicos:*

- Identificar os estereotipos sociais e arquetipos sexuais.
- Comparar os roles das mulleres cos dos homes.
- Coñecer os distintos modelos de socialización diferencial e os seus mecanismos de traballo.
- Repasar e afianzar os conceptos traballados nas actividades e nos obradoiros anteriores.
- Avaliar as aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado nas actividades e nos obradoiros anteriores.

#### *Desenvolvemento da actividade:*

- **Actividade: “Introdución Mini Test”.**

Trátase de lanzar o alumnado unha pregunta con dúas opcións de resposta. Presentada a cuestión nunha Diapositiva en formato power point, as monitoras preguntan aos rapaces e rapazas con cal alternativa se quedan. Unha vez fan o relato de respostas, proxectan a seguinte Diapositiva na que aclárase a opción correcta. A continuación ponse en común a resposta correcta e tentan que a comprendan a través da reflexión (os/as que non o fan antes).

Este exercicio ten como finalidade comprobar en que medida os coñecementos aprendidos nos obradoiros anteriores foron asentados. De este modo faise un repaso mais completo do aprendido así como unha posta en común coa clase.

A pregunta é a seguinte:

**¿Con cal das seguintes razóns quedaste para explicar estas diferenzas?**

E as alternativas son:

1. Somos educad@s dende que somos pequen@s de forma diferente e isto fai que sexamos e teñamos comportamentos diferentes.
2. Segundo se naza chica ou chico seremos e nos comportaremos en función do sexo co que nacemos.

- **Actividade:** “*Comparativa de resultados das enquisas anteriores*”.

A medida que imos facendo un repaso dos obradoiros anteriores tras facer o exercicio anterior, facemos o vaciado dos resultados das enquisas: “Rasgos da personalidade” e “Reparto de tarefas domésticas”.

- **Actividade:** “*Comparativa da realidade particular do alumnado coa enquisa do INE sobre o tempo dedicado ao traballo doméstico. ( Fonte: Instituto da Muller)*”.

### Afectividade e Violencia de Xénero

#### *Obxectivos Específicos:*

- Rexeitar a violencia como forma de relacionarse, valorarse e resolver conflitos.
- Identificar situacións de maltrato relacionadas coa violencia de xénero.
- Clarificar e reforzar a idea de igualdade que teñen os nenos e as nenas de esta etapa educativa.
- Observar o papel da muller na familia e na sociedade
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida.
- Comparar os roles das mulleres cos dos homes.
- Coñecer os distintos modelos de socialización diferencial e os seus mecanismos de traballo.
- Repasar e afianzar os conceptos traballados nas actividades e nos obradoiros anteriores.
- Avaliar as aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado nas actividades e nos obradoiros anteriores.

#### *Desenvolvemento da actividade:*

- **Actividade:** “*Introdución sobre a Afectividade e violencia de xénero*”.

*Mediante unha presentación dixital.*

- **Actividade:** “*Definición de Afectividade e Violencia de Xénero*”.
- **Actividade:** “*Repaso*”.

Sobre as diferentes condutas que pode haber dentro de unha relación coma poden ser as condutas posesivas e os celos.

- **Actividade:** “*Inventario sobre as mulleres e as relacións de parella*”.

En pequenos grupos o alumnado debe decidir se diferentes frases referentes as mulleres nas relacións de parella son verdade ou falsas.

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

A continuación faise una posta en común na clase.

- **Actividade: “A historia de Ana”.**

Analízanse as relacións de parella construtivas e destrutivas, e como diferencialas.

### O Sexismo nos Medios

#### *Obxectivos Específicos:*

- Identificar os estereotipos sociais e arquetipos sexuais que imperan e se traducen ao través dos medios de comunicación.
- Observar o papel da muller na familia e na sociedade
- Desenvolver a capacidade de observación na linguaxe visual.
- Promover no alumnado unha visión máis crítica da televisión.
- Coñecer os distintos modelos de socialización diferencial e os seus mecanismos de traballo.
- Repasar e afianzar os conceptos traballados nas actividades e nos obradoiros anteriores.
- Avaliar as aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado nas actividades e nos obradoiros anteriores.

#### *Desenvolvemento da actividade:*

- **Actividade: "As series de TV e o Sexismo".**

*As monitoras proxectan un Power Point que reúne imaxes de series de debuxos animados como "Pai de Familia, Os Simpsons , American Dad e Shin Chan", nos que a imaxe da muller aparece claramente sesgada e infravalorada.*

- **Visionado do ideal de beleza actual e pasado e nos diferentes países e culturas.**

*As educadoras proxectan diferentes imaxes de mulleres de diferentes países, culturas e épocas, tentando que o alumnado reflexione sobre os arquetipos de beleza e o denominador común a todos eles: formas de control do patriarcado.*

### Despedida

- **Cuestionario de avaliación do programa.**
- **Entrega de agasallos a modo de clausura.**



## METODOLOXÍA

---

Os Programas Didácticos elaborados trataron de acadar os obxectivos previstos cunha metodoloxía que fomentase a alta participación do alumnado nas diferentes etapas, segundo o nivel madurativo e perfil atencional. Nunha forma activa e lúdica, próxima ás experiencias das nenas e dos nenos por mor de conseguir unha aprendizaxe significativa para o alumnado e perdurable no tempo .

## TEMPORALIZACIÓN

---

O Programa desenvolveuse de febreiro a xuño de 2009.

Realizáronse en cada Centro:

- Tres obradoiros para 6º e dous para 4º e 5º de Educación Infantil, de 45 minutos de duración.
- Tres obradoiros para 6º de Educación Primaria, de corenta e cinco minutos a unha hora de duración.

Estes obradoiros estiveron espazados entre si cun mínimo de dúas semanas.

Axustouse a programación para intentar abordar tódolas temáticas propostas nos Centros que optaron por non solicitar a totalidade dos obradoiros.

## CREACIÓN DO MATERIAL DIDÁCTICO

---

Tralo deseño dos Programas Didácticos para cada nivel educativo, creouse o material didáctico cunha lista onde se especificaba todo os recursos precisos para a súa elaboración (folios, cartolinas, goma EVA, pegamento, lapis, adhesivo transparente...), a mais daquelas ferramentas necesarias para a implementación, coma o retroproector, pantalla, etc.

Como requisito básico e imprescindible da aprendizaxe, os recursos educativos deseñados para cada un dos obradoiros foron dinámicos, permitindo a participación activa e a reflexión do alumnado.

Nesta edición apostouse por incorporar as novas tecnoloxías na implementación do programa de cara a procurar unha maior dinamización das actividades e alcanzar maiores cotas de atención continuada no alumnado, sobre todo no mais cativo.


Tamén se aproveitaron aqueles recursos deseñados e elaborados en edicións anteriores polas Pedagogas, que polas súas características se axustaban as actividades do Programa.

O Programa levouse a cabo entre o 2 de febreiro e o 18 de xuño de 2009, período durante o cal visitáronse 30 Centros, realizando neles entre un e tres obradoiros, segundo o solicitado.

Atendeuse a un total de 2763 alumnas e alumnos: 2243 de educación infantil, e 520 de sexto de educación primaria e, na última sesión a modo de reforzo pola súa participación no programa se lles entregaron uns agasallos.

Traballouse cun total de 118 profesoras e profesores-titores en Educación Infantil, e 33 en Educación Primaria. Hai que destacar que unicamente cinco son homes, e as restantes son mulleres.

A continuación presentamos graficamente, e mediante unha táboa, a listaxe de Centros, e a distribución do alumnado por niveis educativos:



	<i>Alumnado Educación Infantil</i>				<i>Alumnado Educación Primaria</i>	Total
	4º	5º	6º	Total	6º	
<i>CEIP A Doblada</i>	40	29	44	113	24	137
<i>CEIP A Paz-</i>	12	15	17	44	19	63

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

<i>Tintureira</i>						
<i>CEIP A.R. Castelao</i>	24	25	25	74	11	85
<i>CEIP Balaidos</i>	40	47	38	125	36	161
<i>CEIP Canicouba</i>	24	31	28	83	30	113
<i>CEIP Carrasqueira</i>	32	29	37	98	25	123
<i>CEIP Chans-Bembrive</i>	27	25	35	87		87
<i>CEIP Coutada Beade</i>	27	29	33	89		89
<i>EEI Cristo de la Victoria</i>	38	13	14	65		65
<i>CEIP Eijo Garay</i>	25	24	23	72	17	89
<i>CEIP E.P. Bazán</i>	47	50	49	146	45	191
<i>CEIP Escultor Acuña</i>	50	49	47	146	39	185
<i>CEIP García Barbón</i>	52	49	50	151		151
<i>CEIP Igrexa Candeán</i>	4	11	9	24	20	44
<i>CEIP Javier Sensat</i>	25	25	24	74	9	83
<i>CEIP Josefa Alonso</i>	16	11	20	47	20	67
<i>CEIP Lope de Vega</i>	50	50	47	147	60	207
<i>EEI Monte da Guía</i>	23	19	13	55		55
<i>EEI O Nogal</i>		9	9	17		17
<i>CEIP O Pombal</i>	32	48	42	122	27	149
<i>CEIP Paraixal</i>	7		7	14	9	23
<i>CEIP Pintor Laxeiro</i>	49	50	47	146	48	194
<i>CEIP Ría de Vigo</i>	23	23	23	69	29	98
<i>EEI Rúa Hernán Cortés</i>	17	20	17	54		54
<i>CEIP San Salvador-Teis</i>	19	16	18	53	15	68
<i>CEIP Santa Mariña</i>	14	7	13	34	11	45
<i>CEP Santa Tegra</i>					15	15
<i>CEIP Valle Inclán</i>	6	11	13	30	11	41
<i>CEIP Virxe do Rocío</i>	18	17	16	51		51
<i>EEI Zamans</i>	4	6	3	13		13
Total			2243		520	2763

Implementación do Programa en Educación Infantil:

---

Acudiuse a 29 Centros Educativos, tanto Centros de Educación Infantil e Primaria, como Escolas de Educación Infantil, atendendo a un total de 2243 alumnas e alumnos, e colaborando con 118 titoras e titores, e co profesorado de apoio.

Inda que para algúns Centros, o numero de obradoiros impartidos foi menor, leváronse a cabo dous obradoiros para 4º e 5º de Educación Infantil e tres obradoiros para 6º de Educación Infantil, cunha duración de 45 a 55 minutos.

Ao rematar o programa, entregóuselle ou envióuselles por correo, a cada mestra e mestre unha enquisa de avaliación anónima e voluntaria que foi cuberta polo 33,90 % do profesorado.

### *Implementación do Programa en Educación Primaria:*

Desenvolveuse en 21 Centros Educativos, tanto Centros de Educación Infantil e Primaria, como Centros de Educación Primaria, atendendo a un total de 520 alumnas e alumnos, e colaborando con 33 titoras e titores, e co profesorado de apoio.

Polo xeral leváronse a cabo tres obradoiros, de entre 60 a 90 minutos de duración.

Ao rematar os obradoiros, entregóuselles ou envióuselles por correo, a cada mestra e mestre, e a cada alumna e alumno, unha enquisa de avaliación anónima e voluntaria.

O 33'90 % do profesorado cubriu dita enquisa fronte o 19,04% do alumnado.

### *Clausura do Programa e Información aos Medios*

O día 12 de xuño a Concelleira de Igualdade Iolanda Veloso clausurou no CEIP "Pintor Laxeiro" a cuarta edición do Programa. Esta clausura realizouse unha semana antes da finalización do programa debido a que na última semana a carga de traballo nos Centros Educativos, pola finalización do curso escolar, era moi grande.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

Foto do acto, publicada nos medios na que se recolle o momento no que a Concelleira fai entrega dos agasallos ao alumnado participante:



A continuación recolleemos a noticia publicada nos medios:



venres, 12 de xuño de 2009

**Iolanda Veloso clausura o programa "Camiña con nós pola igualdade", no que participaron 2.800 estudantes**

A concelleira de Igualdade, Iolanda Veloso, clausurou este venres no CEIP Pintor Laxeiro a cuarta edición do programa "Camiña con nós pola igualdade". Neste programa, dirixido a alumnos e alumnas de 3,

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

4 e 5 anos de Educación Infantil e 6º curso de Educación Primaria, segundo salientou a concelleira, participaron máis de 2.800 estudantes de trinta centros de ensino de Vigo.

*"Dende a Concellería de Igualdade consideramos fundamental fomentar a educación pola igualdade de oportunidades entre nenos e nenas desde a comunidade educativa", salientou Iolanda Veloso. Na súa intervención, a edil do BNG agradeceu a atención e o interese prestados polos nenos e nenas participantes e agasallounos con diverso material como viseras e pinturas.*

*Os obradoiros desenvolvéronse ao longo do curso en horario escolar, adaptándoos ás necesidades de cada centro educativo. Neste sentido, segundo indicou a concelleira de Igualdade, o programa desenvolveuse mediante unha metodoloxía lúdica "para promover a igualdade entre nenos e nenas".*

---

# *La Voz de Galicia*.es

13/06/2009

*Un total de 2800 estudantes pasaron por el programa Camiña con nos pola igualdade*

Más de 2.800 estudantes participaron en el programa Camiña con nós pola igualdade, dirigido a alumnos de educación infantil entre 3 y 5 años y a los de sexto curso de educación primaria.

Los talleres se desarrollaron a lo largo del curso escolar y fueron adaptados a las necesidades de cada centro educativo. La utilización de una metodología lúdica facilitó sin duda el aprendizaje y contribuyó a promover la igualdad entre niños y niñas, que en definitiva era lo que se pretendía.

La actividad fue clausurada ayer por la concejala de Igualdade, Iolanda Veloso, en el centro educativo Pintor Laxeiro.

Veloso destacó el interés desde su departamento por fomentar la educación por la igualdad de oportunidades entre los escolares desde la comunidad educativa, algo que considera decisivo.

observacións

---

### SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

*Conclusións acerca das actividades sobre Familia e do Contacontos "A Familia de Carlota".*

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

Nesta etapa centrámonos no máis próximo os nenos e nenas, por ser para eles o mais motivador e o mesmo tempo, elo valeunos para normalizar e visibilizar cara ao seu grupo de iguais, as diferentes situacións familiares dos nenos e nenas que visitábamos. Para coñecer e darlle visibilidade aos diferentes tipos de familias existentes deseñamos a actividade do Contacontos A Familia de Carlota e a posterior posta en común do mesmo.

O conto narra a historia de Carlota, unha nena que vive nun orfanato no que espera ansiosa a que a veña a busca a súa nova familia adoptiva. Durante toda a noite imaxina como serán os integrantes: ¿pasteleiros?, ¿piratas?, ¿domadores de tigres?, ¿astronautas?. Cando chegan a súa nova familia, a nena descobre que son todo iso e moito máis.

Eliximos este conto porque céntrase nas inquiredanzas dunha nena respecto a nova familia que a vai adoptar, a Carlota non lle importa o grande ou pequena que poida ser a súa familia, se vai ter irmáns ou non, se esta se compón dun pai, dunha nai.... somentes está interesada na atención que estas persoas vanlle dirixir e os coidados que lle van a subministrar.

Isto foi o mais determinante a hora de elixir o conto, posto que queríamos reflectir na actividade a esencia da familia: servir de soporte físico, emocional e afectivo a os mais cativos para que crezan en igualdade de oportunidades. Por iso remarcamos tamén as emocións que se xeran nos cativos en situacións habituais de intercambios de afectos e de coidados. Con preguntas dirixidas ao alumnado tales coma: *¿Quen se encarga de facer a merenda e a comida que sabe tan rica?, ¿quen vos da un abrazo e o bico cando os ides a durmir?, ¿Quen vos coida cando os poñedes enfermos?*, etc, subliñábamos estas funcións que se resolven no ámbito familiar e que son independentes das características da persoa que as realiza. Non importa se é un home ou unha muller, non importa a idade que el ou ela ten, cal é o seu color de pelo, de ollos, a súa raza, non importa se a familia se integra cun pai, dous, ou ningún, o que realmente importa é a “capacidade de ser familia”; procurar cobizo psíquico e físico de cara ao seu crecemento persoal.

Despois do Contacontos se lanzou á clase preguntas sobre o relato tales como: *quen e a protagonista, como lle gustaría que fora a súa familia, quen vive con Carlota, como son as familias e os tipos*, e valéndonos da cuestión *¿Con quen vives na túa casa?* invitábamos aos rapaces e rapazas, a comentar cales eran os e as integrantes da súa familia.

Co obxecto de lograr que o alumnado se familiarice cos distintos tipos de familias existentes e as normalice, deixamos que conten a os demais da clase cales son as persoas que viven con eles na súa casa, (a estas idades a conceptualización “da casa” non a entenden, seguen considerando que a familia son a familia extensa: tíos, primos, avós, etc.). Procuramos tamén aportar diferentes visións á que xa tiñan moitos destes alumnos e alumnas; a idea de que a familia está integrada por un pai, unha nai, e un ou varios fillos/as. Debido a este patrón familiar (salientado na televisión, na publicidade e nos libros de contos ou de texto ), atopámonos que naqueles casos de nenos ou de nenas que non se corresponden con esta estrutura familiar, (divorcios, novos emparellamentos



da nai e ou do pai, etc. ), amosan dificultades á hora de explicar e nomear as características do seu fogar, pero unha vez que o conseguen facer e ademais en público, o resultado na autoestima do neno ou da nena resulta evidente. Esta actividade tivo un alto grao de participación e acadáronse os obxectivos previstos.

### **Conclusións acerca da actividade “Somos Diferentes, Somos Iguais”.**

Na actividade “Somos Diferentes, Somos Iguais” fomos na procura de que saíra á luz as ideas das nenas e nenos en torno as características definidoras que nos diferencian en homes ou mulleres. Para elo presentamos en formato Power Point unha serie de diapositivas onde uns monifates que ao principio aparecen espidos pero sen ningún órgano sexual e sen ningún artello que os defina sexualmente (coletas, colares, diadema, lazos, pelo longo, etc.), e nas seguintes escenas aparecen en situacións cotiás coma comer, asearse, etc.

Os comentarios do alumnado viñan a considerar, que as principais diferenzas son o pelo curto nos nenos, as saias nas nenas, e as cores (especialmente o rosa para nenas). É significativo que incluso nenas con pelo curto, e nenos con prendas rosas, asumen esas diferenzas. En todas as clases algunha nena ou neno defende a idea de que os dous sexos poden levar calquera peiteado, cor, xogo,... e o fan baseándose en exemplos da súa vida cotiá. Entre outras diferenzas que comentaron foron que as nenas son diferentes aos nenos porque elas levan pendentes, teñen o pelo longo, levan saias, etc. Logo tamén no remuíño de ideas, salientaron cousas coma que as nenas teñen a voz mais clara e os nenos teñen moitos pelos nas pernas.

No vocabulario que presentan estes rapaces e rapazas para definir o órgano sexual que diferencia os nenos fronte as nenas, aparecen palabras tales coma que as nenas teñen parrocha, perrecha, flor, chola, pachocha, pasareta, pipí, etc. E os nenos teñen pilila, colita, pirola, pito, etc. O vocabulario é tanto mais extenso e variado segundo a idade sexa mais alta, a corrección no emprego dos termos adecuados non correlaciona coa idade do alumnado, senón co interese que pon o profesorado e a familia en corrixilo ou empregalo. Sempre atopamos alumnos e alumnas avantaxadas fronte o resto do grupo , incluso en tres anos, aínda que non se traballase no aula esta temática.

Chamou a nosa atención o feito de que nos grupos de nenos e nenas de cinco anos, estes tenten a definir a diferenza baseándose (no caso dos varóns) na posesión versus a ausencia do atributo masculino, “as nenas non teñen pito...”, nunca nos atopamos co enunciado “os nenos non teñen vulva...” . Nesta idade tamén amosan maior vergoña cando falamos deste tema, as condutas van dende a timidez, o mutismo, pero sobre todo nas risas e nas burlas por parte dos varóns. No alumnado de tres e catro anos isto sen embargo non sucede.

Respecto a colorear os monifates, actividade que se desenvolveu para Sexto de Educación Infantil, onde o alumnado tiña que colorear e diferenciar sexualmente, debuxando os órganos sexuais sobre dous monifates que aparecían nunha folla tamaño A5. Nesta actividade atopamos debuxos moi sexados, onde nenos e nenas remarcaban

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

e coloreaban incluso os peitos e as mamilas dos monifates. Debuxan algúns deles e delas a traxectoria do pis.

Os nenos e as nenas identifican coma monifates femininos os que teñen os labios máis gordos, tamén empregan a referencia do pelo. O monifate de pelo da cor laranxa, entendíanlo coma una nena fronte o de pelo de cor negro, que o vían coma un neno.

Na diapositiva onde os monifates están a mexar, os nenos e nenas de cinco anos eran os máis proclives a botarse a rir e facer emprego dun falso pudor. Os rapaces nesta idade din que as nenas fan pis polo cu, afirmación que repetiuse moitas veces.

### *Observacións acerca da actividade do Contacontos “ O misterio do chocolate na neveira”.*

Pretendemos amosar ao través da narración deste conto, unha serie de actividades cotiás, facilmente identificables polo alumnado, con un personaxe da súa mesma idade e con circunstancias comúns con eles, coma ir o colexio, xogar,....nesta historia o protagonista dáse conta de que as cousas seguen o seu curso gracias a aplicación duns saberes e da realización dunhas actividades, que inda que non o vexamos sempre, fanse e non por casualidade.

Esta transmisión de saberes resultan de suma importancia cara a vida e cara a convivencia e adquirir de maneira temperá, conciencia sobre as necesidades básicas tamén é imprescindible para o desenvolvemento da empatía nos nenos.

Despois da narración do conto, preguntáselles os nenos e as nenas o seguinte:

-“E vós, ¿que facedes na vosa casa?

-¿Quen fai a súa cama os fins de semana? (Suponse que os fins de semana é unha tarefa inescusable, pois os rapaces e as rapazas dispoñen de mais tempo para facer esta tarefa).

-¿Quen coloca ben os coxíns polo menos? ( Para os e as que comentan que non o fan)

-¿Quen pon a mesa? ¿Quen a recolle?

-¿Quen pide un prato para non tirar as migas ao chan na merenda?”

-.....

Ao través destas cuestións queremos facer conscientes os nenos e as nenas do curso de cada unha das actuacións que se precisan na convivencia familiar, así por exemplo para que eles poidan sentarse a mesa a xantar, elo precisaría de alguén que

pense o que se vai comer ese día, que vaia a compra para mercar os ingredientes necesarios, que os cociñe, que recolla todo e o deixe limpo antes do xantar, etc... que despois de comer hai que recoller as migas que se caeron ao chan, que cando o chan está moi sucio e imprescindible pasarlle unha fregona, etc... e isto o facemos entre todos e todas o través do remuíño de ideas. A idea final é xerar actitudes de respecto ata o traballo da persoa que cociña e proporcionarlles valor as actividades relacionadas coa alimentación.

Tamén procuramos que adquiran conciencia de que as cousas de casa non se fan soas e que incluso hai importantes actividades nas que nunca nos fixáramos (por exemplo: limpar a neveira). Apreciar o esforzo das persoas que cociñan a diario, xeralmente as nais, que para facer esta tarefa pensan nos demais inclusive tendo en conta a súas necesidades, e os seus gustos.

Despois da posta en común, procedemos a realizar a seguinte actividade, enlazando co remuíño de ideas baseado na cuestión:

*-¿Que tarefas hai que realizar nunha casa para que todo funcione?*

Despois de recoller algunhas contestacións, comentámoslles que temos un mural dunha casa da igualdade, e ensinándoo lles preguntamos:

*-¿Que falta na casa?*

Cando as contestacións se acheguen ou coincidan “co que falta son as persoas”, repartimos os recortes que amosan mulleres e homes, nenos e nenas realizando tarefas habituais da casa e explicamos que cando vexan o debuxo que lles haxa tocado, proxectado na pantalla, teñen que levantarse e vir onda nós para explicarlles o seus compañeiros o que está a suceder. Desta maneira os demais escoitan e visualizan o que el ou ela está comentando e incluso invitámoslles a que participen, engadindo a esta explicación o que eles ou elas consideren importante. Por outro lado o rapaz ou a rapaza está reforzando as súas dotes comunicativas

O noso obxectivo cara a esta actividade era fomentar a corresponsabilidade na familia. Ao través da identificación e nomeamento das distintas tarefas que se precisan para o bo funcionamento dun fogar e para a mellora da calidade de vida dos seus compoñentes, tentamos de introducir nos nenos e nas nenas, os compromisos precisos para que se procure esa corresponsabilidade, acordos coas destrezas propias da súa idade.

*Observacións acerca da actividade do Ratiño Pérez.*

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

A partires da pregunta ¿Queredes ser os axudantes e as axudantas do Ratiño Pérez?, invítaselles a elixir un xoguete (ou dos, no caso de menor número de quince persoas por aula), de entre varios recortes de fotografías de xoguetes de diferentes características ... de construción, de representación, de coidados aos demais.



O través desta inmersión na figura do axudante involucramos o alumnado a escoller entre posibles xoguetes para regalar, obviamente a esta idade por moito que se insista na teima de que teñen que escoller un agasallo para un neno ou nena a/o que se lles caeu un dente, eles sempre basearán a súa elección nas preferencias ou desexos particulares. Pero isto lonxe de ser un erro, aporta un elemento enriquecedor na seguinte fase da actividade.

Unha vez que escollan, se lles da a cada un deles/delas un sobre onde teñen que agachar o recorte. Logo de por unha música relaxante (ver anexo, “Calmo” de Ludovico Einaudi) se lles di que vai facéndose de noite e xa é hora de durmir, e que vai ocorrer algo máxico, vanse converter, logo de quedar durmidos, en nenos en nenas pero en aquelas ou aqueles as/os que se lles caeu un dente. Cando esperten (Música de Ballet Clásico, “Tarantela Italiana”), atoparán un agasallo do Ratiño Pérez. Nese momento cada un abrirá o seu sobre e atopará un recorte (ou dous) distinto o que elixira.

Despois de deixar uns minutos de comparación co resto de compañeiros e compañeiras, faremos unha posta en común de cada un dos agasallos, dándolle especial énfase aqueles agasallos que vexamos que non son da predilección do rapaz ou da rapaza e que son tradicionalmente dirixidos ata un sexo determinado.

Iremos soltando preguntas:

*-¿Que vos tocou?*

Realizamos unha descrición, axudadas polo rapaz ou rapaza, do xoguete, valorando aspectos tales como se serve para compartir, se pode xogar en grupo ou mais de un, se axuda a aprender algunha habilidade,etc... e ao final preguntámoslles se alguén máis da clase tocoulle o mesmo xoguete, con elo pretendemos reforzar a calidade do xoguete.

Cando xa imos finalizando comentámoslles que temos un mural do Ratiño e a Ratiña Pérez (o mesmo tempo ensinándollos) e que estes ratos levan cadanseu saco ao

lombo pero están baleiros, explicámoslles que isto fai que estean tristes porque esta próxima noite teñen que levar agasallos para os nenos e as nenas, así que pedímoslles os rapaces a súa colaboración para encher os sacos cos recortes que eles e elas teñen.

Axudándolles a pegalos de forma dirixida, é dicir repartindo nos fardeis os agasallos, procurando que haxa unha representación equilibrada dos diferentes divertimentos.

Este mural quedará en cada unha das clases para que o poidan repasar co profesorado e para reforzar a idoneidade da variedade no xogo.

### *Observacións acerca das actividades sobre os xogos dos nenos e das nenas e os xoguetes.*

Outro dos obxectivos específicos que se pretendía alcanzar foi tentar de fomentar a igualdade no xogo ao través da familiarización con diferentes tipos de xoguetes independentemente do sexo do alumnado. O través do noso traballo tentamos de detectar as carencias que aínda subsisten, caso que conseguimos se as mestras e mestres estaban presentes na sesión, posto que nas actividades se atoparon preferencias sexuadas nos xogos , en tres anos case inexistentes pero en catro e cinco anos, eran mais altas estas preferencias e en algúns casos, case inamovibles.

Na maioría dos casos a identificación dos diferentes xogos, o nomeamento deles, a inclusión ou exclusión nas preferencias individuais dos nenos e nenas e a consecuente normalización dos mesmos, son batallas que hai que lidar todos os días dende a aula.

Cabe sinalar que aínda que en numerosas ocasións puidemos constatar o labor previo do profesorado en torno a isto, a influencia dos medios de comunicación coma a televisión, a publicidade sexista (tamén o través dos folletos dos comercios de xoguetería), teñen un peso tan decisivo que revocan case todo o traballo feito, por este motivo preferimos darlle un carácter de continuidade e transversalidade a esta actividade ( e introduciilo ao través de todos os obradoiros) e tamén porque o xogo e unha das primeiras ferramentas de socialización dos rapaces e rapazas, e nesta idade a mais importante.

### *Observacións acerca das actividades sobre Corresponsabilidade.*

O noso obxectivo para este obradoiro era romper os estereotipos de xénero no ámbito familiar, e fomentar a corresponsabilidade na familia. Estes obxectivos xa

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

estiveron presentes en anos anteriores do programa, e, baseándose no observado, cremos que se debería seguir insistindo no tema.

Despois da posta en común, procedemos a realizar a seguinte actividade, enlazando co remuíño de ideas baseado na cuestión:

*-¿Que tarefas hai que realizar nunha casa para que todo funcione?*

Despois de recoller algunhas contestacións, comentámoslles que temos un mural dunha casa da igualdade, (anexo) e ensinándolles preguntamos:

*- ¿Que falta na casa?*

Cando as contestacións se acheguen ou coincidan con “o que falta son as persoas”, repartimos os recortes (25 en total) que amosan mulleres e homes e nenos e nenas realizando tarefas habituais da casa, e explicamos que cando vexan o debuxo que lles tocou proxectado na pantalla, , teñen que levantarse e vir onda nós, para explicarlles o seus compañeiros o que está a suceder. Desta maneira, os demais escoitan e visualizan o que el ou ela está comentando, e incluso invitámoslles a que participen, engadindo a esta explicación o que eles ou elas consideren importante. Por outro lado o rapaz ou a rapaza está reforzando as súas dotes comunicativas e de asertividade cara ao grupo.

Resulta moi importante recoller a máxima información posible chegados a este punto, dando por suposto que os nenos e as nenas proxectarán na explicación as súas vivencias e o modo en que as perciben.

Nas imaxes aparecen as figuras de home e de muller reflectidas o través das diferentes idades(infancia, madurez, senectude), aparecendo de forma individual ou en grupo e independentemente do seu sexo, realizando tarefas tales coma: por a lavadora, tender a roupa, pasar o ferro, cociñar, bañar ao bebé, limpar o chan, xogar, conversar, arranxar o coche, darlle de comer a unha persoa discapacitada, etc.

Sen embargo, observamos que nalgúns recortes nas que aparecía unha muller ou un home representando unha escena que tradicionalmente non se lles supón, algúns dos nenos e nenas custáballes describir a situación e identificar o suxeito , aínda que no debuxo a simboloxía era moi clara: pelo longo, pendentes, saia nalgúns mulleres e cabeza calva, barba e garabata para algúns homes.

Tendo en conta que na actividade dos monifates “Ser neno e ser nena”, do obradoiro anterior, os nenos e nenas empregaban esta mesma simboloxía xa citada, para definir as diferenzas entre os dous sexos, empregando algúns deles argumentos tales coma: as nenas teñen coletas, as nenas levan diademas, pendentes, as mulleres teñen o

pelo longo, levan saias,....os homes teñen moitos pelos nas pernas... etc, cabe supoñer, que a falla de discriminación do sexo dalgúns rapaces podería resultar ser consecuencia da asimilación tempéрана de certos estereotipos sexuais, reproducidos en modelos próximos a eles e que consecuentemente producirían unha incapacidade para recoñecer esa figura nesa acción determinada. A falta de representación destes roles por as figuras familiares réstalle habitualidade e produce unha incongruencia na representación mental do neno e da nena, elo podería explicar este fenómeno polo cal son incapaces para describir unha escena, tal como unha muller subida a unha escaleira, limpando unha lámpada de teito mentres un home pasa unha aspiradora ao chan. Ou outra escena onde a muller ten a súa cabeza dentro dun capó aberto dun coche e esta arranxando cun desparafusador o motor, no chan hai unha caixa de ferramentas.

Nestes casos os rapaces tenden a interpretar a escena a través da súa experiencia, resolvendo a incompreensión inicial do que ven coa fabulación. Así en moitos casos na escena do arranxo do coche, os nenos explican que unha muller está a limpar o coche cun pano (inda que coñecen a simboloxía dun capó de coche aberto e ven un desparafusador na man da muller) ou na escena da muller subida a un banqueta cun trade tentando de facer un burato na parede para colgar un cadro, tamén lles resulta moi difícil de explicar a situación, así coma a de a lámpada de teito chegan a resolver que é un home o que está subido a escaleira arranxando a lámpada (inda que leve pendientes, pano da cabeza e blusa de lunares).

Noutra escena por exemplo, na que aparece un home bañando un bebé mentres unha muller entra pola porta da casa coas chaves na man, vestida moi formal (cun traxe de chaqueta de dous pezas da mesma cor) con os típicos traxes de executivas e un bolso no ombro, a gran maioría do alumnado contestaba que a muller viña de compras(precisar que a diferenza de outro recorte en que a muller si o fai, esta non leva ningunha bolsa na man), en poucas intervencións contestaron que volvía do traballo (nestes poucos casos sempre as nais traballaban fora das casas).

Non se repetía noutra escena que a muller aparece entrando pola porta da súa casa coas chaves na man e o bolso no ombro e o abrigo posto, mentres o home está a limpar o chan cunha fregona e un caldeiro, neste caso cortouse a imaxe polo gran tamaño e as respostas foron diferentes.

No caso das imaxes de nenos e nenas xogando a cousas diferentes, cabe salientar que inda presentando os tres recortes de forma agrupada, (entregábase os recortes xuntos a tres nenos para que saíran un a continuación doutro), os rapaces identificaban sen problemas as nenas xogando co tren, o neno e a nena xogando as cociñas pero no recorte do neno xogando aos bebés cun berce, contestaban maioritariamente que o neno

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

estaba coidando a un bebé, (inda que as dimensións do berce eran mais acordes coas dun xoguete, que cas dos de verdade).

Nos esquemas mentais destes rapaces, o xogo de coidadores non existe para os varóns, a publicidade tampouco os representa, e eles non o reproducen nos seus xogos, ademais os accesorios (berces, cadeira de paseo, utensilios de hixiene para os bonecos) están tan estereotipados (cores rosas, pasteis, malvas) que fan rexeitalos polos varóns antes de chegar a desexalos. Se na imaxe aparecera unha nena... ¿contestarían coa mesma frecuencia de resposta, que ela está coidando ao bebé? Posiblemente esa resposta tamén sería maioritaria polo rol tradicional de coidadora que acompaña a muller.

Concluindo sería interesante poder darlle continuidade a esta liña de observación dos esquemas representacionais dos nenos propios do seu entorno inmediato, polo cantidade de imaxes estereotipadas que salienta e porque serve ademais para darlle visibilidade e carácter de normalidade a situacións nas que a muller e o home se ocupan en funcións que tradicionalmente non se lles recoñecen.

### *Conclusións sobre os estereotipos observados na elección dos xoguetes.*

Ao través da actividade “O agasallo Invisible”, detectamos certas características comúns a a actividade “Os Axudantes do Ratiño Pérez” feita co alumnado de 4 e 5 anos, certo que as dúas actividades presentan dinámicas comúns, soamente cambia o inicio do xogo. No caso dos Axudantes do Ratiño Pérez, entroncaban a actividade nun contexto máxico que se iniciaba no contacontos, introducindo a dinámica da caracterización dos nenos e nenas en ratos, e a transformación máxica na actividade do intercambio de sobres converténdose de novo en nenos e nenas. No caso da actividade do “Agasallo Invisible”, para os nenos e nenas de cinco anos se suprime o contexto inicial, pois o contacontos xa non é o mesmo, o conto relata a historia dun neno e a súa relación cos xoguetes, non hai caracterización dos rapaces e tampouco hai momento máxico de transformación. Para este curso de Infantil, introducímolos directamente no xogo, explicándolles as normas do mesmo, e o seu desenvolvemento.

Pero ademais de ter os dous obradoiros anteriores certas características comúns, no elemento central do xogo : elección dun ou mais xoguetes destinados para alguén que non coñece o alumnado, tentando de reflexionar nas posibles preferencias dos demais, existen outras que queremos salienta a través das observacións e que non atañen o deseño da actividade senón os mecanismos de socialización do alumnado de infantil que infiren sobre as condutas, expresións verbais e incorporación de valores, e que podemos establecer nun contínuum que comezaría en primeiro de infantil e abarcaría toda a vida.



A observación directa que puidemos realizar soamente chegaría ata terceiro de infantil, pero os cambios son tan brutais, que merecería un obradoiro soamente para elo.

Explicar o fenómeno de socialización diferencial tan brutal que se da neste corto período de tempo na súa idade, deberíamos primeiramente sentar as bases, sinalando que é o que rodea nestes primeiros momentos aos pequenos e pequenas, cales son esas primeiras vivencias e experiencias que conforman o seu ideario: pois o modelado por parte dos seus proxenitores e titores é a súa primeira forma de aprendizaxe; observando e imitando as condutas, verbalizacións, pero tamén está a escola, o seu grupo de iguais, e o xogo no que se ensaian as primeiras habilidades sociais e que resulta unha poderosa ferramenta de aprendizaxe non só de habilidades sociais, senón de formación en valores, repercutindo na súa conduta e no seu desenvolvemento. Pero tanto os nenos coma os adultos poden adquirir actitudes, respostas emocionais e novas pautas de conduta tamén a través da exposición dos modelos presentados no cine e na televisión.

Todo este conxunto de factores ambientais que conforman o universo social do neno e da nena van incidindo na súa aprendizaxe e facendo mella de forma que cambios socioculturais, económicos, políticos e tecnolóxicos que se están a realizar comportan un cambio na forma de xogo propiciando un abandono dos espazos sociais tradicionais de comunicación e de xogo: as rúas, as prazas, os parques, etc. e tamén o abandono das formas tradicionais de diversión, primando outras baseadas no individualismo e nunha comunicación selectiva e illada, con maior dependencia dos xogos unipersoais (videoconsola e xogos de ordenador) e dos medios de comunicación en especial a televisión.

Por outra banda os xoguetes que non teñen sexo, acábaselles dando un valor sexista, sendo o sexo que representa un elemento determinante no comportamento infantil, pois en base a imitación do mundo adulto prodúcese unha clara diferenciación nos xogos infantís, inda que os numerosos cambios sociais que se están producindo levarán os nenos e as nenas de hoxe a desenrolar roles diferentes a os que tradicionalmente viñaselles asignando. Transformación nas que as persoas adultas xogan un papel fundamental coma ponte entre a infancia e a realidade (Lorenzo Pino y Villalba, 1993). Non se trata tanto de que os nenos xoguen con bonecas e as nenas con coches, senón de superar a dualidade existente, de modo que os valores femininos e masculinos cheguen a estar presentes sen xerarquías.

O porqué de esta sexualización dos xoguetes habería que atopala de seguida. Existe unha regresión ata a representación xestual de estereotipos tradicionais: roles de ama de casa, coidadoras, etc para nenas, e roles belicistas e representación de profesións, etc. para os nenos.

E por se fora pouco, os xoguetes que non precisan o exercicio da representación simbólica na súa forma de diversión como pode ser as bicicletas e outros vehículos, os balóns, os cometas, etc., os fabricantes encárganse de engadirlle o toque diferenciador para que quede constancia ata que sexo vai encamiñado o xoguete en cuestión, así atopamos que a cor rosa seguida de malvas, violetas e todo un abanico de cores pasteis

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

vai engalanar o xoguete en cuestión e aderezado con motivos, na súa gran maioría da factoría Disney, para as nenas, mentres os colores coma o vermello, amarelo, negro, azul na súa versión primaria e os ornamentos relacionados con series xaponesas de contido agresivo ou belicista son dirixidas cara os nenos.

A estratexia dos fabricantes de vender o maior número de produtos posible, pasa por establecer producións diferenciais que non permitan que o xoguete poda ser compartido por o irmán menor do propietario do mesmo, ben rebaixando a calidade e vida útil do produto, ben establecendo unha pauta sexista para que produza rexeitamento polo rapaz ou rapaza por conter elementos cos que non se identifica (da formación desa identidade sexual xa se encarga a publicidade a as series infantís na televisión e nos folletos das xogueterías e vai ser reforzada polo seu grupo de iguais), producindo unhas pautas de consumo inducidas que xeneran un dobre gasto nas familias.

Nos recortes de xoguetes que presentamos aos rapaces, aparecen dende aqueles destinados a representación simbólica (cociñas, utensilios do fogar, carriños de paseo) ata xoguetes de construción e de elaboración ( banco de traballo, crebacabezas, cubos) pasando polos peluches, balóns, instrumentos musicais, coches e bonecas, etc... A diferenciación nas preferencias dos nenos e das nenas increméntanse a medida que eles pasan dun ciclo a outro. En tres anos, o alumnado mostra clara predilección polos peluches e instrumentos musicais, ademais resultan altamente conformistas cos xoguetes que lles tocan. En catro anos apreciamos un salto cualitativo impresionante, posto que a elección xa ten connotación sexistas, preferindo os coches para os nenos en cores negros, vermellos, etc e as bonecas para elas, a cociña e elixida polos dous sexos, os peluches son elixidos en función da cor: rosa para elas e outras cores para eles.

En cinco anos, o conformismo no xogo do agasallo invisible xa non é tan optimista, tanto elas coma eles elixen adaptándose aos roles asignados de forma tradicional o seu sexo; xoguetes de coidados coma poidan ser as bonecas, carriños de paseo, cociñas, utensilios de limpeza, etc por elas e os coches de carreiras por eles. No intercambio de agasallos, a aceptación de xoguetes diferentes resulta moi difícil, producindo reaccións de rexeitamento que nesta idade increméntase cuantitativa e cualitativamente.

Polo tanto parécenos fundamental que a orientación das próximas actividades sempre redunde nos agasallos infantís e os xogos dos rapaces e rapazas e non se limite a unha mera campaña no período navideño.

### *Conclusións sobre a actividade “Choiva de ideas sobre o traballo”.*

O noso obxectivo foi facer visible a presenza das mulleres en traballos considerados tradicionalmente masculinos. Na medida do posible tentar de romper os estereotipos de xénero de carácter laboral que nestas idades comeza a aflorar co gallo de fomentar a igualdade no ámbito do traballo.

Atopamos neste remuíño de ideas, trala pregunta de *¿Que queredes ser de maiores?*, non moitos cambios respecto a os rapaces e rapazas de fai trinta anos, as

profesións mais elixidas foron nas nenas: patinadora, veterinaria, profesora de danza, policía, etc e para os nenos as elixidas foron: pintor, policía, futbolista, motorista, etc.

O alumnado de infantil acepta como algo normal que as mulleres adultas traballen, xa que no seu contorno a maioría o fan; e os traballos das e dos adultos que os rodean son moi variados

## EDUCACIÓN PRIMARIA

---

### *Conclusións acerca das actividades relacionadas cos medios de comunicación e o sexismo*

Partindo da realidade do alumnado, sabemos que o medio de comunicación máis importante hoxe , e que está presente en todos os fogares e que supón un ampla repercusión mediática transmitindo hábitos sociais, formas de expresarse, comportarse, relacionarse, de amar, de vivir, etc... altamente estereotipadas e nada reais, é a televisión que nos acompaña case desde que nacemos, que frecuentamos varias veces ao día e que en moitos dos casos se emprega coma substituto da tutela familiar.

Segundo un estudo de 2004, os nenos e nenas españois de entre 4 e 12 anos, estiveron fronte o televisor un promedio de dúas horas e media diarias. A diferenza de outros países, os menores ven a TV mais ala das dez da noite (uns 700.000 e 150.000 incluso despois das 11 da noite), por tanto as restriccions de contidos resultan ineficaces nestes casos.

Por outro lado moitos cativos poseen (e cada vez mais o seu numero aumenta), tv. Internet, videoconsola, etc no seu cuarto, feito que amplia a accesibilidade sen posibilidade de efectuar unha supervision adulta dos contidos.

A publicidade televisada representa máis de o 26,58 % do tempo que empregamos vendo a televisión (sempre que os medios cumbran a legalidade.), e visionamos unha media de coarenta e dous anuncios publicitarios ao día, no estudio da consultora Nielsen Media Research, 1998 esta cifra duplicariase nos casos dos nenos, este incremento se entendería se comprendemos que os adultos aproveitamos os anuncios para levantarnos e facer outras cosas, mentres os mais cativos quedan hipnotizados baixo o influxo da mercadoría dos xoguetes que os bombardean ata a seguinte serie de debuxos animados.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

Esta técnica de marketing precisa de imaxes que atraian a atención dos espectadores durante breves períodos de tempo e que unidas a unha música permanezan no recordo durante o maior tempo posible, tamén precisan de establecer unha sintonía co potencial cliente e para elo establece guiños humorísticos cos que asegurarse a empatía do consumidor. Estes guiños se basean as máis das veces en roles discriminatorios que perpetúan na conciencia dos individuos, estereotipos de xénero ata crer que son verdades empíricas e xustificacións de actitudes e condutas sociais ata grupos concretos.

Os estereotipos condicionan a nosa conduta, o noso comportamento se rixe polo que se espera que fagamos, ao mesmo tempo que interiorizamos esa conduta, interiorizamos os valores e os papeis que a rixen.

En moitos dos casos se está a empregar estereotipos de beleza altamente discriminatorios que inciden de maneira negativa na formación da identidade e na autoimaxe e consecuentemente na autoestima dos e das adolescentes. Xa que non podemos facer un seguimento da totalidade dos contidos que ven e escoitan o alumnado e que os socializan de forma non igualitaria, tentaremos de polo menos procurarlles una visión crítica deles.

Os anuncios que empregamos foron denunciados por sexistas ao través do Observatorio de Publicidade Sexista do “Instituto de la Mujer”, e reunían dous requisitos: ser emitidos en España e manifestar un contido sexista contrario ao artigo 3º da Lei Xeral da Publicidade.

Resultaron ser as campañas publicitarias realizadas por empresas pertencentes ao sector da hixiene, comida rápida e o coidado estético onde se emprega a figura feminina coma reclamo publicitario e coma obxecto de desexo, moitas da veces desvinculado do produto anunciado.

Noutros casos establécese a obsesión por alcanzar un determinado canon de beleza, non necesariamente saudable e nas maiorías das ocasións proposto coma realidade “imposible”.

En case todos estes casos faise uso do corpo feminino en forma completa ou fragmentada, espido ou medio espido, coma medio de atracción e chamada de atención, ademais de obxecto de desexo, baixo as características de fácil acceso e dispoñibilidade ata os desexos masculinos.

Este tipo de representación leva implícita a total desvinculación da figura feminina respecto ao produto ou servizo promocionado, vulnerándose, polo tanto a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que establece que os anuncios que presentan as mulleres de forma

vexatoria, ben empregando particular e directamente o seu corpo ou partes do mesmo coma mero obxecto desvinculado do produto que preténdese promocionar, considéranse ilícitos.

### **Observacións acerca da actividade “Imos ser publicistas por un día”.**

A través desta actividade tentamos facer un análise de diferentes spots ou curtos publicitarios onde a imaxe de mulleres e homes resulta altamente estereotipada. Para elo vimos una serie de 4 a 6 spots segundo o tempo do que dispoñemos, que versen sobre produtos tradicionais coma os de hixiene, deterxente para a roupa, comida rápida, crema de tratamento facial, desodorantes, etc.

Coa pregunta de *¿Queredes xogar a ser publicistas por un día?*, comezamos a actividade, comentando que imos visualizar e escoitar unha serie de anuncios publicitarios, e que teñen que por moita atención, porque terán que tentar de descubrir:

1.-*¿ A quen imos vender o produto ou servizo? Tentando discriminar no posible co máximo de características o grupo diana a que vai dirixida a mensaxe. Non só se é para homes ou para mulleres, senón que tipo de homes ou mulleres.*

2.-*¿Cal é o produto u servizo que queremos vender neste anuncio?*

3.-*¿Cal é o estereotipo que aparece no anuncio?*

Traballamos dende a aportación de gran grupo, en algún momento se o grupo é pequeno ou pouco participativo, procurábase que algún alumno ou alumna dirixise a disección dalgún anuncio en concreto para fomentar a participación.

Empregamos anuncios de diferentes países, sempre que a comprensión do idioma non fose un obstáculo. Os anuncios debían mostrar estereotipos sexistas tanto cara o home coma ca muller. Nun caso amosámoslles dous anuncios do mesmo produto cunha diferenza temporal de trinta anos para que visen que os estereotipos permanecen no tempo.

Amosámoslles anuncios de produtos concretos como os da limpeza da roupa dirixidos as mulleres, a alimentación, os produtos fast-food dirixidos o público masculino, os de hixiene e coidado persoal para mulleres e para homes, os de produtos

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

abstractos ou de venta de bens e servizos coma seguros a todo risco para o automóbil dirixidos cara os homes, etc.

### *Anuncio de seguros de automóbil:*

No anuncio de **seguros de automóbil**, o que se pretendía vender non era visible en todo o curto, na escena se amosa nun plano fixo xeneral a unha muller nova facendo cun trade un burato na parede da súa casa de maneira torpe (fai un desconchón na parede máis grande que o cadro que pretende colgar) e cunha actitude asustadiza, para logo colgar unha foto sobre o desconchón. Sometes nos 3 últimos segundos, aparece reflectido o produto que se quere comercializar (neste caso un servizo), por riba das imaxes coma un texto sobreimpreso, en inglés que dicía: “Mercator all-risks car insurance... because your wife uses the car too”.

As respostas sobre o produto concreto ían dende un trade, un cadro, pero sometes en dous colexios contestaron correctamente.

De todas formas puideron observar claramente coma este curto centraba a súa estratexia de marketing no estereotipo de xénero que encasilla as mulleres coma persoas torpes co bricolaxe, e torpes e perigosas na condución, establecendo un nexo de unión de humor e complicidade co sector masculino que mantén este estereotipo de xénero coma unha crenza ou dogma de fe, cando as estadísticas das aseguradoras da automoción mostran resultados totalmente contrarios a esta crenza e de seguro que son as únicas institucións que teñen o maior número de datos concluíntes e fiables sobre a condución por sexos.

### *Anuncio de comida rápida:*

Nos anuncios adicados a **comida rápida** que tamén tiñan coma consumidor final do mesmo a o home, acadouse unha alta expectación entre os alumnos masculinos, que non vían claramente a manipulación das imaxes, marabillados coa mensaxe subliminar dirixida cara a eles que os incluía en estereotipos tales coma que os homes son agresivos, impulsivos, voraces, viriles, bestas, faltos de educación en modais, etc .

Neste anuncio dunha coñecida cadea de hamburguesas americana, o protagonista rexeita unha comida tildándoa de afeminada e a través dun tema musical nos vai cantando as excelencias da comida-lixo. A medida que vai avanzando no tema e no seu paseo pola rúa, engádeselle a súa marcha un grupo de homes cada vez mais numeroso que proclaman, coma se dunha manifestación se tratase, abandonarse polos seus instintos máis primitivos: pegar puñazos, romper cousas, tirar e queimar os seus calzóns, arroxar dende unha ponte un coche todo terreo, amosar bíceps, demostrar a súa forza e potencia arrastrando un dúmper (super camión de carga en minería) e outras

accións co obxectivo de mostrar o seu lado mais besta e todo baixo o estribeillo de “*son un home, ... todo un home, non vou a cambiar...*” a letra da canción comezaba da maneira seguinte e acompañaba as seguintes imaxes do anuncio que pasamos a describir:

*“Son un home, ruxirei estás moi cego se non o ves, e morro de fame para pasto de animal....foder! miñas tripas soan fatal, agora mesmo irei a buscar un dobre whooper, home está xenial!.... Ou si, cun par! Probei canapés hippies, Ou si, ..... este dobre whooper faime feliz, é todo para min, inchareime a comer como ninguén, estou famento, non vou a cambiar. Vou tragar esta hamburguesa, dobre carne, non son un pringaooooo. Estou famento, non vou a cambiar, son un homeeeee...., todo un home!*

O vídeo finaliza cunha enervante manifestación de testosterona e cunha voz en off que di: “*O Dobre Whopper, come coma un home, home!!*”, que nalgúns colexios onde o grupos de rapaces resultaban máis tendentes a facer alarde da súa entendida “diferenza”, amosando mais condutas desinhibidas e chistosas.

Cabe sinalar que as mulleres que aparecen neste anuncio son case inexistentes, e as que aparecen, atópanse encasquetadas en estereotipos sexistas, son mulleres mozas cunha idade comprendida entre 18 e 25 anos, representando as parellas dos homes protagonistas que encabezan a manifestación e que quedan plantadas nas mesas dos restaurantes por eles, outros personaxes son os de cheerleaders (animadoras americanas con pompóns) que están na rúa animando a que eles tiren os calzóns ao fogo o derradeiro personaxe e a muller vestida con mallas rosas de aerobio que sostén unha pala de obra cunha hamburguesa enriba e que actúa como cebo para que un forzado de circo encadeado a un dúmper, vaia detrás dela.

### *Anuncio de crema facial “Ponds”:*

Outros anuncios empregados son os de crema facial “Ponds” dos anos 60, que visionamos dous que anuncian o mesmo produto pero cunha diferenza temporal entre eles de mais de 30 anos, pero que seguen perpetuando os mesmos estereotipos na muller: as mulleres que empregan esta crema, gústalles a todos, teñen éxito nos afectos, ver seguridade, confianza, autoestima.

O anuncio dos anos 60, comeza cunha imaxe fixa dunha rapaza moi xoven (menos de 20 anos) que coa mirada triste e pérdida e como lánguida está coma esperando algo que non sucede. A imaxe vai acompañada dunha voz en off feminina que semella o pensamento da nena e que di :

*“Parecía que eu non gustaba a ninguén, entón probei o Plan Ponds beleza en sete dias e o último día....”* a partires de aquí comeza a escoitarse unha música cunha

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

### *Concellería da Igualdade*

#### *Concello de Vigo*

cancioncilla facilona que canta unha voz masculina e que di: *“Vivir é fermoso co fabuloso efecto coa crema P de Ponds, dous veces seguidas e que marabilla o cute coa crema P de Ponds”*.

De novo escoitase a voz en off da rapaza que di:

*“ É marabilloso, só en sete días Ponds limpa e hidrata o cute e ao sétimo día... resulta que gustás a todo o mundo”* (por debaixo escoitase sons de bucinas e voces masculinas chamándoa).

As imaxes que se amosan mentres se escoita a cancioncilla, representan a rapaza e diferentes escenarios: ela correndo pola rúa vista a través dos barrotes dunha verxa, logo a bordo dun Ferrari convertible, de copilota (de piloto vai un home cunha garabata e gafas de sol, que semella divertirse) , tamén aparece de copilota a bordo dun Jeep sen teito, que atravesa lagoas e levanta ráfagas de auga, na seguinte escea vaia a bordo unha lancha motora vestida con traxe de augas, acompañada dun home, os dous divertíndose e escachándose a rir e logo vese a ela na casa embadurnándose de crema e retirándoa cun pano dúas veces.

Por último, ela asómase a fiestra sorprendida polo barullo que está a escoitar na rúa e cando mira, descobre con grande sorpresa, unha recua de admiradores subidos aos seus convertibles de alta gama cos seus cans de pedigree e con agasallos a bordo e outros na man invitándoa a baixar e collelos.

### *Anuncio de crema facial “Ponds” coarenta anos despois:*

O anuncio de **“Ponds” coarenta anos despois**, segue enfatizando a relación autoestima e seguridade das mulleres co uso da crema facial. Ademais que engade outro estereotipo ter en conta que supón ten unha grande importancia para nós

Comeza cuha pregunta feita por unha femenina voz en off que di :

*“¿Qué faría a noiva do teu ex, se comezaras a empregar regener activ (de Ponds)?”*.

A escea que nos amosan trascorre nun local tipo pub onde se ve xente de mediana idade (30-40 anos), con poder adquisitivo alto-medio, e vese entrar pola porta a unha muller alta, delgada e cunha longa melena loura que avanza sorrinte e desenvolta mirando ao seu redor mentres o se home quítalle o abrigo. De súpeto a ela transformáselle o rostro cando descobre a ex-novia do seu mozo sentada na barra do local, a cámara empeza a facer zoom sobre a súa cara resaltando ademais da desagradable sorpresa que lle produce a excesiva artificialidade do seu maquillaxe.

A cámara cambia de ángulo e amosa o que ela está a mirar, unha muller atractiva, case sen maquillar, natural, fresca e radiante que se xira no taburete ata encontrarse coa mirada da recién chegada.



A cámara volve a cambiar e mostra a ela con cara estupefacta e a o seu mozo en segundo plano axeno aínda o que está a acontecer, mirando e sorrindo ao redor, a súa moza rápidamente sopesa a situación e se xira cara a él, finxindo un esvaecemento, tápalle a cara e empúrrao cara a porta.

A muller da barra e os seus amigos xíranse para ver a absurda escea e a cámara volve a amosar un plano moi curto da faciana da ex noiva que segura de sí mesma sorri coma estando por riba das circunstancias.

### *Anuncio de deterxentes:*

Quixemos amosar tamén ao alumnado un anuncio de **deterxentes** polo alto peso sexista que teñen estes produtos na publicidade e eliximos un que salientaba o extraordinariamente doado que resultaba facer a colada, tanto que facia maxia, característica que resulta moi común neste tipo de publicidade que amosa a realización de labores domésticas e que tradicionalmente se encarga ás mulleres e que resulta pouco respetuoso cara o traballo delas que realmente lles supón un esforzo físico e un coste temporal moi alto. Dende sempre sen embargo se ha trivializado sobre realización deste traballo, invisibilizando o coste que elo supone.

Neste anuncio se amosa unha escea nun plano fixo xeneral onde aparece unha muller xoven vestida con vaqueros e camiseta e co pelo recollido nunha coleta, que vai quitando da lavadora camisas masculinas unha detrás doutra, pero cando as vai deixando sobre a mesa, as camisas dóblanse sóas de forma impecable e quedan como no comercio.

De repente na escea aparece atravesando o noso campo visual, un home xoven que recolle da mesa unha toalla e mentres di “Voume duchar...” con ton cantarín, o mesmo tempo enrola ao redor do seu colo a toalla, e marcha desinteresado de todo o que está sucedendo no plano.

Ao final do anuncio escoitase unha voz en off masculina que di : “*Novo Bold Matic, nova fórmula, fácil pranchado*” .

### *Anuncio de Fanta Light:*

O anuncio de **Fanta Light** o escollimos pola connotacións sexistas que ten e por inducir a producir transtornos de alimentación sobre os xóvenes.

Neste curto se amosa a unha rapaza moi xoven, delgadísima vestida cunha camiseta branca de asas e unha cortísima saia negra que se dirixe ata un rapaz que está tomando un refresco sentado nuha hamaca, ela camiña polo céspede ata sentarse ao seu

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

### *Concellería da Igualdade*

#### *Concello de Vigo*

carón, e achegando a súa boca a cara de él, sorprende ao rapaz que sorprendido deixa de beber e fai por darlle un bico, ela quíttalle o refresco e afastándose, lle sorrí e vaise, ( no xiro do corpo a cámara capta cn plano moi curto a saia coma se levanta e ensina o cú) mentras o reta coa mirada.

Comezan entón unha persecución nun plano xeral, onde ela fuxe por cada vez sitios mais estreitos e difíciles pero sempre coa botella de refresco na man : un oco estreito nun portal de madeira, entre dous camións aparcados moi preto, por unha verxa rota cuio arame engánchalle a camiseta, (ensinando a plano curto o abdomen espido dela), tamén atravesan un portalón automático que vaise pechando, e por último van correndo por un parque ata que chega a unha rexa de barrotes verticais cuia distancia entre eles non supera os oito centímetros polo que tamén fuxe introducindo o corpo (outra vez un plano curto do abdomen espido dela, pois a camiseta préndese de novo no axustado do espazo) entre os barrotes, cousa que él non pode facer, (escea que adquire certa tensión visual polo inverosimil da situación, digna da maxia do Gran Houdini) feito que ela aproveita para beber fronte a él o que queda de refresco e xactarse da súa conquista cunha sorrisa burlesca mentras axita o refresco vacío.

Na imaxe final do anuncio aparece un plano xeneral dunha botella de Fanta Light mentres se escoita unha voz en off femenina que di :

*“Proba Fanta Light, ...Light”* . Esta última palabra remarcada pola imaxe da botella que lle cae nese momento a etiqueta coma se dunha falda se tratara.

Nas imaxes deste anuncio reflicten máis un carácter de xogo entre a muller e o home, no que a muller leva a batuta na persecución, iniciando a mesma e por tanto iniciando o xogo e sempre desafiando (coa mirada) tras cada obtáculo superado e incitando a que o xogo continúe. O porcentaxe de corpo ensinado supera con creces a o do home, de novo temos aquí un anuncio que segue a mostrar modelos de beleza altamente estereotipados, medidas imposibles de conciliar nun corpo de muller .

A reacción do alumnado con este anuncio resultou moi dispar, os rapaces motraronse moi divertidos e excitados polo dinamismo visual, secuencia rápida de esceas, planos curtos que amosan o abdomen espido da muller e a mirada sensual da rapaza, música acústica brasileira que fai a acción mais trepidante. As rapazas sen embargo no se engatusaron tanto coma eles, recoñecendo a excesiva delgadez da actriz. Eles pola contra amosaron con bastantes aspaventos o moito que lle gustaba a modelo.

### *Anuncio do desodorante Click de Axe:*

Por ultimo, quixemos amosar un anuncio do desodorante **Click** de **Axe**, polo controvertido que está resultando o sistemático emprego de temáticas sexuais que emprega este produto nas súas campañas publicitarias, que amosan as mulleres coma obxectos sexuais sempre a disposición do home, e que nada teñen que ver coas características do produto que comercializan, e tamén pola habituación na poboación, que esta masificada práctica está xerando.

Este sector dedicado a hixiene corporal é dos que maior porcentaxe ten, en anuncios denunciados por sexistas, e en canto a marcas, Axe lévase a palma, todos os seus anuncios manteñen o mesmo enfoque.

Neste anuncio o protagonista non é un home anónimo, buscaron un personaxe recoñecido, un actor americano famoso que está na lista dos homes mais atractivos do planeta: Ben Afleck.

Para a promoción do desodorante amosan a este actor en diferentes escenas nas que é abordado por diversas mulleres que sucumben a os seus encantos.

Na primeira aparece baixando dun coche todoterreo (en USA é sinónimo de poderío masculino), colle un periódico e entra en un supermercado, cando está mirando un produto da estantería unha promotora de degustacións achégase cunha bandexa, él a mira polo rabillo do ollo (plano curto da cara sorrinte e mirada picarona dela) e él mete a man no bolsillo do pantalón (tamén rodada nun plano curto).

Na seguinte escena Ben Afleck entra nunha tintorería onde unha moza entrégalle a súa roupa mentres nun plano curto da cara dela amosa unha sorriso e unha mirada insinuante, a seguinte imaxe é outro plano curto da man del sostendo un pequeno aparello. (este aparello è un contabilizador de prazas que empregan os revisores dos trenes, que neste anuncio erégase para contabilizar as conquistas).

Noutra escea, cun plano xeneral, vese nunha terraza dun restaurante, ao actor sentado nunha mesa con outro home. Unha muller achégalle a carta de comidas, (cando a cámara cambia de plano, enfoca únicamente á muller, que se inclina de forma excesiva sobre o actor mentres acaricia o seu cabelo e pódese ver o escote pronunciado da muller que ensina todo o sostén de color vermello), vese a continuación un plano curto da man de él clickando no pequeno aparello.

Achégaselles outra camareira que ven a tomarlles nota, a muller parece non ter intencion de flirtear co actor, pois se comporta con naturalidade pero isto parece que a él non lle basta, entón sorrí abertamente cara a ela, mentres quita as gafas de sol de forma parsimoniosa e fai unha pose, ela entón mostra sorpresa e sorrí tamén dando por feito que recoñece o actor, quedando desta maneira él satisfeito.

Noutra mesa está unha muller sóa comendo unha ensalada, recostada sensualmente na súa silla, colle un espárrago coa man e achégao ata a boca, a cámara cambia de plano e pasa a plano detalle da cara da moza coa boca aberta, que vai introducindo lentamente a hortaliza, pódese apreciar na punta do espárrago unha alianza, que tamén devora. (Plano curto da cara de él, que sopesa extasiado a situación e de seguido doutro plano curto da man de él, contabilizando no aparello).

Outra escena mostra o actor probándose uns zapatos nunha zapataría cando unha muller xoven e atractiva senta ao carón del, e tras mirarlle a cara, contempla os seus pés, el xirase cara a ela co xesto asombrado, (ver lenda urbán sobre a relación do tamaño dos pés co do sexo viril), ela entón deixa de mirarlle os pés e mirao aos ollos

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

(plano curto de él tickando a conquista). Cando sae da tenda un home xoven e atractivo abre a porta e dalle a bolsa cos seus zapatos, sorrille e levanta unha cella, Ben sopesa, torce o pico desaprobando pero tickao tamén coma unha conquista.

A continuación aparece o actor na rúa falando polo movíl, pola súa espalda pasa un bús que está cheo de “cheersleaders” (animadoras americanas) duns dezaseis anos, él xírase e observa a todas elas que se pegan o cristal do bús, abrendo a boca, gritando, enviándolles bicos (plano curto da súa man contabilizando todas as conquistas).

A seguinte escena mostra o actor nun pub de pé charlando con dous amigos e achégaselles unha camareira (vestido axustado e minisaia), que sostén unha bandexa cunha copa (plano curto da cara dela). Na barra atópanse dúas mulleres de longa melena e un home. No espacio central do plano o ocupa unha muller recostada sobre o taburete da barra que cun vestido de festa de tiras, amplo escote e coas penas o aire, cruzándoas de forma provocativa (ver Sharon Stone no filme Instinto Básico), imaxe que os realizadores cortan cun plano moi curto da súa cara coa boca aberta, observando insinuantemente a Ben Affleck. Outra muller se cruza no seu camiño tamén insinuante, dunha delgadez extrema cun vestido suxerente, tamén aparecen dúas xemelgas sentadas na barra, que van vestidas e peiteadas iguais e o miran sorrintes e provocativas. O actor vai tickando de novo a todas elas.

Na escena final aparece un home nun ascensor que semella un botones, cun uniforme sinxelo e cunha acreditación colgando do bolsillo, se abren as portas do ascensor e se introduce nel o actor que saluda ao entrar e mantendo as distancias o mira de reollo coma establecendo comparativas (o botonés non é nada atractivo: cara apocada, baixiño, sen complexión atlética, fraco, mirada asustadiza). Neste espacio cerrado, Ben saca o seu contabilizador de conquistas e o mira, o botones achégase curioso, o actor torce o pico ladeando a cabeza coma finxindo aprobación (aparece un plano moi curto do medidor onde se ve o número 103), Ben mira ao botones xactándose, o botones levanta o seu medidor e o achega a Ben (plano moi curto do medidor do botones onde se ve o número 2372).

Aparece a cara do actor cambeando o rictus: arrugando o entrecello incrédulo e contrariado. Con ese plano curto da súa cara vaise pechando as portas do ascensor e se pecha así tamén a escena do mesmo.

Na última imaxe o botones aparece no cuarto de baño coa camisa aberta, botándose desodorante no peito, e aquí aparece superposto o envase do desodorante e a marca do mesmo.

Todas as mulleres que aparecen neste anuncio se atopan no mesmo arquetipo: xóvenes de entre 16 a 25 anos, delgadas, altas, medidas de modelo de pasarela, pelo longo, vestidos ceñidos, curtos e escotados, e polo menos todas as fantasías sexuais dun varón heterosexual: mulleres casadas e promiscuas, xemelgas idénticas, animadoras virxinais, e un abánico dos diferentes fenotipos raciais (nórdicas, afroamericanas, latinas...).

Este anuncio atenta contra a dignidade das mulleres, amosándoas coma meros obxectos sexuais sempre dispostas a o encontro sexual, extremadamente solícitas e serviciais para os cometidos das profesións que representan (camareras, dependentas, ...) ademais as reduce a un universo poboacional onde todas atópanse nunha franxa de idade moi reducida (16-25 anos), todas teñen as mesmas medidas corporais (ver Barbie) e representa as mulleres como si estiveran en celo perpetuo, e todava mais denigrante representan cómo deben ser, actuar, comportarse, para ser “visibles socialmente”, o resto de mulleres fora de este conxunto feminino non existe. Hai que mencionar que a actitude das mulleres en este spot é exaxeradamente solícita, servicial e insinuante cara o home de todas elas e non somentes na oferta dos servicios propios da súa profesión senón que tamén se engaden os servicios sexuais coma inherentes a condición feminina .

Na visualización desta campaña o alumnado non empatizou coma noutros spots publicitarios, cecais poque non sexan todavía consumidores de desodorante, ou porque non se han identificados co estereotipo de ligo chulesco que representa o actor. As reaccións iban dende a perplexidade, un pouco desbordados/as pola mostra de fauna en pose de celo que todavía non concorda coas actividades habituais que se desenvolven nesta idade.

Os resultados da participación nesta actividade por parte do alumnado foi moi boa, alcanzando en case todos a contestación correcta as cuestións propostas, agás no curto sobre seguros a todo riesgo para o automovil dixidos cara os homes, que resultou un pouco mais difícil de recoñecer.

### *Conclusións acerca da actividade sobre as series de debuxos animados na televisión.*

Apoiándonos nas imaxes proxectadas que levamos nun Power Point, damos un repaso aos principais estereotipos de xénero que enlazamos cos resultados do primer cuestionario “Rasgos de Personalidade segundo o sexo” que cada grupo cumprimentara no primer obradoiro e reflectía as distorsións que se xeneran nas percepcións sobre a personalidade dos individuos segundo o sexo ao que pertezan.

Estas series de debuxos animados que empregamos e que están en antena na actualidade nesta edición do Programa, foron elexidas polo alumnado dos diferentes colexios con ocasión dun remuíño de ideas, cando preguntamos sobre similaridades do corto “Un sono imposible”, proxectado no 2º obradoiro, con algunha serie que eles coñeceran.

As repostas foron: “Os Simpson”, “Family Guy”, “American Dad”, “Shin Tchan” e elo nos valeu para retomalas no 3º obradoiro e o mesmo tempo otorgarlle o programa un de escoita activa e de sintonía co alumnado de este curso.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

O resultado foi moi positivo, as imaxes valéronnos para enlazar cos resultados do cuestionario feito no primer obradoiro e reforzar a idea da socialización diferencial que de forma solapada se nos inculca ao traves dos modelos de familia que aparecen nestas series.

Confrontar de novo os resultados engadelle unha nova característica o cuestionario, aparte de repasar o que xurdiu a través del, (que nun primer contacto pode ser motivador para o alumnado polo de satisfacer a súa curiosidade), neste segundo intento tenta de ser mais un reforzo, a o xa visto ata o de agora.

E dicir, temos unha serie de rasgos de personalidade que na opinión dos alumnos se poderían diferenciar en rasgos mais femininos ou mais masculinos, por exemplo atopamos que os rapaces e rapazas de sexto empregan mais rasgos de personalidade para definir as mulleres, atopamos unha media de sete atributos: sensible, sumisa, observadora, intuitiva, debil, honesta, medosa, ... son os mais repetidos e para o home a media de atributos que lle impón o alumnado é de tres atributos, e os mais repetidos son: líder, agresivo e competitivo.

Isto ven a reforzar a teoría de que o grupo que ten poder e o grupo que ten a capacidade de estereotipar e quen non o ten (o poder) é, xeralmente, o grupo suxeito da estereotipación, basicamente negativa. Os grupos sen poder ou desposeidos del, entre outros as mulleres, constitúen un dos mais estereotipados. Neste cuestionario, a maior frecuencia ¿Por que? Porque quen exerce o poder necesita o dominio sobre os grupos subordinados, neste caso as mulleres, e por iso temos que case un 70% dos porcentaxes mais altos, acumúlanse en grupos de resposta que atribúen 8, 9 e 10 atributos para as mulleres e para os homes esta acumulación de resposta dáse nu 62%, en grupos que responden con dos e tres atributos. Observamos unha grande diferenciación a hora de estereotipar as mulleres e de categorizar os homes. No caso das mulleres sempre encasilladas en rasgos de personalidade coma: sensible, medosa, débil, sumisa e intuitiva, características entendidas polo alumnado coma febles e guiadas altamente polos contidos emocionais, mentres que o home o clasifican con atributos coma liderazgo, agresividade e competitividade, que o enmarcan coma persoa dominante do grupo.

Se comparamos estes resultados do cuestionario con estudos sobre as series animadas de televisión, que enfoquen os seus análises nos papeis asignados polos personaxes, atopamos que existe un “reforzamento das desigualdades” a hora de asignar os roles protagonistas aos homes. Así, as tramas nas que prima a temática sobre sentimentos e sobre as relacións personais habitualmente están protagonizadas por mulleres, mentres que nas que se narran problemáticas sobre cuestións sociais e laborais a presenza mais destacada é a masculina.

Ademais, en xeral, se observa un maior protagonismo dos homes fronte as mulleres en todas as historias, posto que os personaxes masculinos das distintas series (American Dad, Family Guy, The Simpsons, Shin Chan) son os protagonistas principais (Staniel "Stan" Smith, Peter Griffin, Homer Simpson e Shinnosuke Nohara), e son os que de forma habitual desencadenan e resolven os conflitos, e os personaxes femininos son secundarios e representan estereotipadas amas de casa.

En canto a os estereotipos, os personaxes masculinos son líderes nos seus grupos, ocupan postos de maior representación social nos seus traballos e mostran mais impulsividade e agresividade nas súas decisións e actuacións, mentres que as mulleres gobernan no ámbito privado, sempre representadas nos seus fogares, son menos independentes e habitualmente ocupan os espazos secundarios.

Tamén observamos nestas series que os protagonistas masculinos son "violentos e líderes", sendo tamén os protagonistas das tramas laborais, mentres que elas son "sensibles" e "coquetas" dándolle un peso importante a beleza coma elemento principal na súas vidas despois por suposto do coidado do fogar e da familia.

Habería que sinalar a desmedida influencia que teñen ditas series no comportamento e actitudes do alumnado, e na interiorización de valores non axeitados para unha correcta convivencia social. Sabemos que estas series incorporan o rótulo de non axeitadas para menores de dezaseis anos, sen embargo son as preferidas e elixidas polo alumnado de sexto de primaria (que ten entre 11 e 12 anos de idade).

Para finalizar este apartado mencionaremos o dito por Trinidad Núñez Domínguez, Investigadora do Departamento de Psicoloxía Social da Universidade de Sevilla, na conferencia sobre a violencia sutil contra as mulleres nos medios con predominio da imaxe: cine, televisión e publicidade televisiva no 1º Congreso Internacional de Violencia de Xénero que se celebrou en Santiago de Compostela.

*“Existe unha publicidade explícita, pero tamén unha moi sutil que nos incorpora valores moi errados. Esperta bastante mais interese aquela publicidade que é sutil e que pode pasar desapercibida pero que incorpora valores perversos... usar o sentido crítico e facer unha intervención educativa no traballo cos medios é fundamental. Debemos ter en conta moitas preguntas para espertar o sentido crítico: que tipo de mulleres aparecen?, como aparecen?, eos homes? Cómpre educar na lóxica das emocións, educar para o consumo das emocións, axudar a facer consciente o que normalmente se vive dunha maneira inconsciente... sería incluso preciso cambiarlles o chip aos homes, véndoos como vítimas por todo o que eles perden porque tamén son vítimas da violencia patriarcal por outros homes. Se os homes (e tamén as mulleres)*

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

---

*asumisen o feminismo coma unha crítica de toda esa orde estrutural de dominación, e tamén eles se verían beneficiados”.*

Amada Traba, Profesora da Universidade de Vigo, comenta o seguinte na súa abordaxe da violencia de xénero dende o ámbito educativo:

*“Previr a violencia é posible, pero a prevención dos fenómenos violentos supón un duro camiño de análise das propias estruturas sociais. ...Desmontar estas mensaxes coas que nos educan é moi complexo, mais en calquera caso o papel das institucións básicas de socialización, escola e familia é afrontalas e xerar a súa propia reconstrución.*

*O sistema educativo ten que dar resposta ás súas propias inxerencias: que tipo de persoas quere educar? Tendo en conta que a escola actual está feita para reproducir os valores sociais dominantes, hai que loitar contra esa vocación reprodutora do sistema.*

*Na escola estas mensaxes froito do patriarcado transmitense principalmente a través do currículo oculto; desde o currículo explícito a cultura feminina xa vén oculta e menosprezada. O que pretendemos propor na escola é desmontar todo este currículo oculto e darlle cabida ao marco da coeducación: “feminizar a escola para feminizar tamén a sociedade”.*



## avaliación

Para poder valorar o desenvolvemento do Programa e ver se se acadaron os obxectivos perseguidos foi necesario levar a cabo a avaliación do mesmo.

Neste programa, a avaliación realizouse en tres momentos que son os seguintes:

### *Avaliación inicial:*

Esta avaliación realizouse no mes de xaneiro e, co obxectivo de que o Programa tivera o carácter de continuidade e de coherencia que xa se lle imprimira en anteriores edicións, realizouse a análise das memorias dos anos anteriores e na revisión do material realizado polas pedagogas ..

### *Avaliación procesual:*

Esta avaliación levouse a cabo durante a implementación dos obradoiros a través da observación e as conversas informais co profesorado e o alumnado.

De este xeito, as Técnicas do Programa comprobaron a idoneidade dos materiais didácticos empregados e foron axustando a programación inicial ás necesidades reais dos centros e do alumnado, optándose por alterar a orde ou os tempos de certas actividades, e eliminar aquelas consideradas pouco axeitadas polas características dos centros ou do alumnado.

### *Avaliación final:*

Na procura da realización desta última avaliación, realizáronse dúas enquisas diferentes, unha delas con cuestións referentes as opinións e suxerencias dos mestres e outra para o alumnado de 6º de Educación Primaria. Estes cuestionarios contiñan

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

### Concellería da Igualdade

#### Concello de Vigo

algunhas preguntas cerradas e abertas e escalas de valoración, de 1 a 5, indicando o 1 a puntuación mínima (mais en desacordo) e 5 a puntuación máxima (completamente en acordo).

Ademais da información recollida nestas enquisas, empregáronse tamen para esta última avaliación, as opinións e suxerencias dos mestres e alumnos recollidas de forma informal en nosa interacción diaria con eles e elas e que xa foron reflectidas nas observacións dos obradoiros e nas conclusións.

A participación nas enquisas foi a seguinte:

- O 33,90 % do profesorado de Educación Infantil cubriu a enquisa.
- O 39,40 % do profesorado de Educación Primaria cubriu a enquisa.
- O 19,04 % do alumnado de Educación Primaria cubriu a enquisa.


### Resultados das Enquisas do Profesorado

O Profesorado que respondeu a enquisa:

- Gustaríalle que tivera continuidade en vindeiros cursos nun 98,11%
- Considera que a duración das sesións foi axeitada nun 98,11% e o outro 1,89% pensa que a duración debería de ser de 60 minutos.
- Respecto a suficiencia do número das sesións, considera que foi suficiente nun 75,47%.
- En canto ao número necesario de sesións, o 25% as mantería igual e o 75% as incrementaría. De este xeito podemos indicar que o profesorado considera que serían necesarias:
  - 2 sesións: 15%
  - 3-4 sesións: 50%
  - 5 ou máis sesións: 35%


#### Valoración do material utilizado e das monitoras:

No seguinte gráfico, se recollen as opinións do profesorado sobre se o material utilizado tiña uns contidos axeitados, se estaba adaptado ao alumnado, e sobre o nivel de coñecementos, a metodoloxía empregada, e a actitude das monitoras durante o desenvolvemento dos obradoiros:



**Valoración dos obxectivos propostos:**

Con respecto á consecución dos obxectivos propostos, o profesorado opina o seguinte:



**Grao de satisfacción co programa:**



O rango de puntuación abarcada é de 1 a 5 puntos, o que nos leva a unha valoración positiva tanto do traballo das monitoras, coma do desenvolvemento dos obradoiros, da consecución dos obxectivos e do grao de satisfacción co programa.

**Valoración das actividades desenvoltas nos obradoiros:**

Ao profesorado de Educación Primaria que respondeu as enquisas de avaliación, as actividades que mais lle gustaron das desenvoltas nos obradoiros foron as seguintes:

- A proxección de vídeos e elementos audiovisuais: gustoulle ao 38,46% do profesorado.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

### *Concellería da Igualdade*

#### *Concello de Vigo*

- Enquisas: ao 15,38% foi o que mais lle gustou. Tamén podemos dicir que a outro 15,38% foi a que menos lle gustou.
- Actividade “Xoguemos a ser publicistas”: gustoulle ao 7,69% do profesorado que cubriu a enquisa.

Ao profesorado de Educación Infantil que respondeu as enquisas de avaliación, as actividades que mais lle gustaron das desenvoltas nos obradoiros foron as seguintes:

- Contacontos: gustoulle ao 35% do profesorado. De este porcentaxe podemos comentar que ao 85,72% a que mais lle gustou foi o conto do “Ratiño Pérez”, ao 7,14% o de “O misterio do chocolate na neveira” e ao 7,14% “A familia de Carlota”.
- Xogo de disfraces: gustou nun 30%
- Xogo “Os axudantes do Ratiño Pérez”: gustoulle ao 20%
- Murais: gustaron nun 32,5%. De este porcentaxe podemos indicar que ao 23,08% gustáronlle todos os murais por igual, ao 61,54% gustoulle o do Ratiño Pérez, ao 7,69% o do debuxo de neno e nena e ao 7,69% restante o de corresponsabilidade. Do profesorado que respondeu a enquisa, so ao 10% non lle gustou esta actividade.

- Todas as actividades, gustaron ao 30%.

#### *Valoracións do profesorado:*

O profesorado que cubriu a enquisa pensa que os obradoiros lle axudaron, entre outras cousas a:

- Acadar os obxectivos propostos
- Afianzar os contidos relacionados co tema
- Ver como outros profesionais traballan a igualdade, coñecer outros materiais, outros recursos e outras propostas de traballo
- Reforzar e traballar mellor a igualdade, profundizando mais no tema para poder facer logo unha posta en común coa clase e seguir reforzando os conceptos na aula para darlle continuidade.
- Facer unha valoración da conduta do alumnado e coñecer actitudes dos nenos e nenas que o mellor non coñecían.

Por outro lado, o profesorado que cubriu a enquisa pensa que os obradoiros axudaron ao alumnado, entre outras cousas a:

- Acadar os obxectivos propostos.
- Ser conscientes da discriminación de xénero, verbalizando situacións das que falan pouco.
- A romper estereotipos e a fomentar a igualdade entre sexos, cores, razas, ..., dentro e fora da aula e a adquirir actitudes non discriminatorias, aprendendo a respectar e relacionarse cos nenos e as nenas por igual, mellorando as súas relacións.
- Entender mellor as súas diferenzas e a darse conta de que non son importantes a hora de desempeñar diferentes traballos.
- Afianzar coñecementos e familiarizarse cos termos da igualdade.
- Interiorizar a súa responsabilidade dentro do fogar, entendendo que deben colaborar nas tarefas da casa.
- Reforzar todas as actividades e conceptos traballados na escola.

## Suxestións e propostas de mellora do profesorado:

O profesorado que cubriu as enquisas fainos unha serie de suxestións e propostas de mellora como que para vindeiros cursos, teñamos en conta:

- Deixarlle ao profesorado materiais para continuar o traballo na aula (bibliografía, contos, DVD, ...)
- Ter mais número de sesións ao ano e en primaria maior duración de cada obradoiro, xa que as veces se perde tempo montando os medios audiovisuais e as sesións se quedan curtas para facer a posta en común ou ampliar contidos.
- Utilizar metodoloxía mais diversa.
- Adaptar mellor as enquisas a idade do alumnado.

Estamos de acordo co profesorado en estas propostas xa que pensamos que é moi importante que o traballo que facemos, teña continuidade tamén na aula ao longo do curso, porque de esta forma pódense asentar mellor os conceptos aprendidos. Tamén pensamos que é necesario ampliar a duración dos obradoiros de primaria porque as sesións se quedan moi curtas a hora de facer unha posta en común co alumnado.


## Resultados das Enquisas do Alumnado

O Alumnado que respondeu a enquisa:

- Valorou como interesante a temática do programa nun 95,96%.
- Se fose optativo participaría nun 75,75%
- Gustaríalle que tivera continuidade en vindeiros anos nun 95,96%

## Valoración das monitoras:

A valoración do alumnado sobre o traballo das monitoras pode verse no seguinte



## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria


Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

---

### Valoración dos obradoiros:

A valoración do alumnado sobre os contidos explicados, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados e as aprendizaxes realizadas nos obradoiros aparecen recollidas no seguinte gráfico:



### Valoración das actividades desenvolvidas nos obradoiros:

Ao alumnado de primaria que respondeu as enquisas de avaliación, as actividades que mais lle gustaron das desenvolvidas nos obradoiros foron as seguintes:

- Actividade “Xoguem a ser publicistas”: para un 31,31% foi a actividade que mais gustou, fronte a un 3,03% que non lle gustou.
- Enquisas: ao 19,19% gustoulle moito realizalas. De este porcentaxe podemos sacar que ao 52,63% gustáronlle todas por igual, ao 36,84% gustoulle mais a enquisa de “Reparto de tarefas” e ao 10,53% a de “Inventario de ideas sobre as mulleres e as relacións de parella”.  
Por outro lado, podemos dicir que so a un 6,06% do alumnado que respondeu a enquisa, non lle gustou esta actividade.
- Visionado do corto “Un soño imposible”: gustou nun 13,13%, fronte a un 3,03% que non lle gustou.

### Valoracións do alumnado:

O alumnado que cubriu a enquisa pensa que os obradoiros lle axudaron, entre outras cousas, a:

- Darse conta que as tarefas da casa non son exclusivas da muller e que hai que colaborar na súa realización. En esta opinión coincide o 18,18% do alumnado que respondeu a enquisa. Algúns exemplos das súas respostas son estes:

- 
- Aprender que as mulleres non somos a que traballamos na casa, senón que temos que ser todos.
  - Aprender a compartir as tarefas da casa e a non discriminar a ninguén porque sexa distinto a min.
  - Aprender a traballar en grupo.
  - Aprender que na casa hai que colaborar
  - Axudar as persoas
  - Comprender o moito traballo que teñen que facer as mulleres
  - Comprender que antes e tamén agora as mulleres traballan máis
  - Concienciarme a axudar na casa, respectar aos compañeiros e comportarme ben
  - Convivir ben na casa
  - Facer mais tarefas da casa xa que todos temos tarefas e hai que repartilas e inda hai moitos machistas.
- Cambiar de actitude respecto a igualdade, a non discriminar e a respectar a todas as persoas por igual. Esta opinión a ten o 66,67% do alumnado que respondeu a enquisa e algúns exemplos das súas respostas son os seguintes:
- Coñecer que inda que somos diferentes, somos iguais
  - Non tratarnos de forma diferente por ser chicos ou chicas
  - Aprender máis, darlle conta de como está o mundo, reflexionar, etc
  - Ver que ten que haber igualdade no mundo
  - Ver que hai moito mais machismo masculino que feminino
  - Comprender mellor o que é a igualdade e os nosos dereitos
  - Comprender o dura que é a vida nos ámbitos machistas
  - Comprender que a igualdade é interesante porque te axuda a non ser discriminados.
  - Comprender que as mulleres están máis discriminadas que os homes.
  - Comprender que somos iguais e a non discriminar a ninguén.
  - Comprender que todos/as temos os mesmos dereitos
  - Darlle conta que as mulleres son mais discriminadas que os homes.
  - Darlle conta que é igual ser home ou muller inda que non se crea.
  - Saber que os homes non somos mellores que as mulleres
  - Ver que os xoguetes non teñen sexo, nin as cores.

Vendo estas respostas podemos afirmar que os obxectivos propostos nos obradoiros foron acadados, xa que a maior parte do alumnado interiorizou os conceptos claves e reflexionou sobre o tema, dándose conta da importancia da igualdade e da non discriminación e do importante que é que traballemos todos xuntos para conseguilo.

Por outro lado, o alumnado que respondeu a enquisa opina que lle pareceu interesante a temática dos obradoiros nun 95,96%. Exemplos de respostas que deron do porque, son as seguintes:

- Inda fai falta reforzar o que se traballa na aula, especialmente canto máis pequeno é o alumnado.
- Aprendemos a convivir todos/as xuntos/as e a solucionar moitos problemas da vida real.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

### *Concellería da Igualdade*

#### *Concello de Vigo*

---

- Aprendemos a tratar a xente por igual e a xente aprende a tratarte a ti.
- Aprendemos a como repartir as tarefas da casa.
- Aprendemos e te axuda na túa casa a facer máis tarefas. É moi interesante.
- Aprendemos que todos temos que colaborar e me axudou a comprender e axudar aos meus pais.
- Aprendemos cousas que non sabemos que pasan porque non nos damos conta.
- Aprendemos a darnos conta do que pasou.
- Aprendemos e nos ensina a que todos fagamos o mesmo.
- Aprendemos moitas cousas interesantes sobre a igualdade e sobre a evolución da muller no planeta.
- Aprendemos que a igualdade é o futuro.
- Aprendemos que todos somos iguais e non hai favoritismos.
- Aprendemos sobre modais e a falta de respecto en xeral.
- Aprendes moito a axudar as persoas que precisan axuda.
- Explican moi ben o que pasaba e o que segue pasando agora.
- Moitos problemas que hai fórmanse por estas cousas.
- Porque a discriminación as mulleres non é de seres humanos.
- Porque a moita xente axúdalle a non meterse cos demais por como son.
- Porque a xente cree que xa hai igualdade pero realmente so hai pequenos avances.
- Porque é bo educar xa dende pequenos aos nenos/as coa clase da igualdade.
- Porque é importante fomentar a igualdade e canto antes nos demos conta mellor.
- Porque é importante ser iguais en dereitos e deberes.
- Porque falamos de aspectos como o machismo que ata agora non coñecíamos
- Porque hai moita xente que di que as mulleres non fan as cousas que fan os homes
- Porque algúns non saben que as mulleres traballan mais na casa e no traballo
- Porque hoxe en día hai violencia e machismo e nos axuda a non ser así.
- Porque nos podemos dicir que somos libres pero os homes non nos deixan falar
- Porque paréceme que con este obradoiro aprendín moita convivencia e respecto

### *Comentarios do alumnado as monitoras:*

Soamente cubriu este ítem o 35,35% do alumnado que respondeu a enquisa. Dentro de este porcentaxe o 82,86% nos da a grazas polo noso traballo, e enfatizan o ben que o fixemos. Nos din que foi moi interesante e nos piden que voltemos o próximo ano e que fagamos máis obradoiros.

Por outro lado, o 17,14% restante opina que podíamos facer as explicacións mais divertidas, por mais vídeos e películas, e dar máis agasallos ou mellorar o dominio da lingua galega.



---

Podemos afirmar polo tanto, que o alumnado quedou moi satisfeito cos obradoiros xa que a gran maioría dos que responderon este ítem, felicítanos polo noso traballo e nos piden que volvamos nos vindeiros anos.

### conclusións


#### *Comparativa co ano pasado da representatividade da mostra atendida*

Na gráfica que presentamos a continuación pode verse como aumentou a porcentaxe de alumnado atendido de un ano para outro.

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo



Pódese apreciar un incremento do 20% dende a última edición, no alumnado de 6º de Educación Primaria e de un aumento entre un 8 a un 15% para Educación Infantil.

### Seguimento do programa nas catro edicións

A cidade de Vigo ten un total de cincuenta e tres centros públicos que imparten o segundo ciclo de educación infantil e/ou educación primaria; clasificados do seguinte xeito: nove escolas de educación infantil (3 a 6 anos), trinta e nove colexios de educación infantil e primaria (3 a 12 anos), un centro público integrado (3 a 16), e catro centros de educación primaria (6 a 12 anos).

Nas catro edicións nas que se desenvolveu este programa ata o de agora, participaron un total de corenta e dous centros, dos que trece participaron en todas as edicións, sete en tres, trece en dúas e nove só nunha delas.

Podemos indicar que a implantación do Programa “Camiña con nos pola Igualdade” está a ter unha moi boa aceptación nos Centros Educativos da cidade de Vigo xa que se pasou de unha primeira edición con apenas vinte centros, a contar con vinte e nove na segunda edición, vinte e nove tamén na terceira e trinta na cuarta.


Nesta cuarta edición participaron trinta centros, o que constitúe un 56’60% do total de centros educativos de segundo ciclo de Educación Infantil e/ou Educación Primaria da cidade. Trece de estes centros participaron nas catro edicións realizadas ata o de agora, e mostran interese por seguir co programa.

Nesta táboa aparecen recollidos os centros educativos participantes en cada unha das edicións.

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo



## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

	Edición 2005/200 6	Edición 2006/200 7	Edición 2007/200 8	Edición 2008/200 9	
CEIP A Doblada					
CEIP A Paz-Tintureira					
CEIP A.R. Castelao					
CEIP Balaídos					
CEIP Canicouba-Pereiró					
CEIP Carrasqueira					
CPI C.E. Ferreiro					
CEIP Chans-Bembrive					
CEIP Coutada Beade					
EEl Cristo de la Victoria					
CEIP Eijo Garay					
CEIP E.P. Bazán					
CEIP Escultor Acuña					
CEIP Fonte Escura					
CEIP García Barbón					
CEIP Igrexa Candeán*					
CEIP Javier Sensat					
CEIP Josefa Alonso					
CEIP Lope de Vega					
Colexio Mercantil					
CEIP Mestres Goldar					
EEl Monte da Guía					
EEl Monte do Alba					
CEIP Mosteiro-Bembrive					
EEl O Nogal					
CEIP O Sello					
CEIP O Pombal					
CEIP Otero Pedraio					
CEIP Paraixal					
CEIP Pintor Laxeiro					
CEIP Ría de Vigo					
EEl Rúa Hernán Cortés					
EEl Rúa Palencia					
CEIP San Salvador-Teis					
CEIP Santa Mariña					
CEP Santa Tegra					
EEl Santa Tegra					
CEIP Sárdoma-Moledo					
CEIP Valle Inclán					
CEIP Vicente Risco					
CEIP Virxe do Rocío					
EEl Zamáns					
Totais	20	29	29	30	

Centros que participaron en todas as edicións

Centros que participaron en tres edicións

Centros que participaron en dúas edicións

Centros que participaron só nunha edición

### *Valoracións finais e propostas de melloras:*

De cara a deseñar e abordar, as próximas liñas de actuación da seguinte edición do Programa “Camiña con Nós pola Igualdade” do Concello de Vigo, queremos amosar as nosas apreciacións, e as recollidas e feitas polo profesorado e o alumnado. Gostaríanos deixar algunhas suxerencias ademais de remarcar tamen, as suxestións das Técnicas dos anteriores Programas, pois nos pareceron moi acertadas e resultaron unha axuda moi valiosa para emprender esta edición actual.

Na exposición da avaliación final, xa reflectimos as valoracións formais do profesorado recollidas nas enquisas, pero nos vemos obrigadas a amosar tamén as reflexións extraídas das conversas informais co profesorado e co alumnado. Podemos constatar a alta motivación respecto o Programa, e respecto tamen a darlle continuidade nos vindeiros anos. O equipo educativo dos centros visitados presentan unha gran conciencia respecto tamén a necesidade de eliminar os estereotipos sexistas e as diferenzas entre nenos e nenas para que acaden unha sociedade máis igualitaria, podendo previr a violencia de xénero.

Hai que dicir tamén que a pesar da nosa insistencia na importancia da súa presenza durante as sesións, notamos unha ausencia destacable no profesorado de Educación Infantil durante o desenvolvemento dos obradoiros. Esta ausencia que en moitas das veces obedecía a exceso de traballo e outras das veces a unha interpretación incorrecta do transcurso das sesións, (moitos e moitas crían que a súa presenza obstaculizaba o seu desenvolvemento), non favorece a continuidade do Programa na aula, nin facilita o coñecemento e resolución daquelas dificultades que poida amosar o equipo educativo, como a falta de recursos didácticos, que recoñecía o profesorado, e que se amosan nas suxestións efectuadas polos mestres e mestras nas avaliacións finais. Suxestións como, reforzar os contidos traballados, proporcionar bibliografía, unha guía de recursos coeducativos ou unha paxina web onde poidan atopalos.

Por outro lado, temos unha grande asistencia, que chegaba a mais dun 85% nos Obradoiros de Primaria, onde parte deste profesorado, fomentaba a Coeducación dende a aula, traballando previamente as actitudes reflexivas sobre o entorno co seu alumnado e preparaba as rapazas e rapaces cara as sesións que ían ter con nós, fomentando de resultas o bo comportamento e a sensibilización cara o tema.

Continuando nesta etapa educativa, creemos que sería convínente actuar sempre tendo en conta a realidade que rodea o alumnado e o cotiá co que teñen que lidar todos os días e que o acompañan no seu aprendizaxe: televisión, amigos, escola, revistas editadas para súa idade, videoxogos. Pois é, pola cercanía que ten cara o alumnado, onde este presenta maior motivación e está mais en consonancia coa súa experiencia vivencial, que con exemplos sobre textos, periódicos que aínda que nalgúns colexios están a traballar con eles de forma habitual (unha vez á semana) e sen embargo lles parece ao alumnado menos atractivo e mais farragoso o traballo dende estes medios.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

Outro factor a ter en conta de cara as seguintes edicións, sería o emprego de novas tecnoloxías tanto para as alumnas e os alumnos de Educación Infantil e de Primaria, pois resulta favorecedor para o aprendizaxe, acadando unha maior atención, e para Primaria incluso un recurso indispensable para traballar con exemplos do cotiá, as imaxes visuais en gran formato facilitan a focalización da atención en grandes grupos, reducindo de forma notable a dispersión. As presentacións en gran formato (tipo pantalla de cañón) facilitounos a exposición dos contos, das imaxes de publicidade, en resumidas contas os contidos sobre os que tiñamos que traballar. Atopamos que cando empregábase outro tipo de soporte, por exemplo impresións en tamaño A3 das ilustracións dos contacontos ou dos monifates, nos víamos limitadas. Aos máis pequenos non lle é tan doado apreciar todos os detalles, de resultas o alumnado se dispersaba espacialmente (deixaban os seus asentos e de forma desordenada, emprendían unha competición por estar máis próximos, entorpecendo a dinámica da clase e consumindo o pouco tempo do que dispoñíamos, pois conseguir de novo que os rapaces e rapazas acadaran de novo a concentración na actividade non resultaba doado.

Respecto o alumnado, podemos dicir que as nenas e nenos de Educación Infantil participaron de forma activa nas actividades desenvoltas cun comportamento, en xeral axeitado. Ademais, podemos remarcar as actitudes de grande curiosidade e participativas ao longo dos diferentes obradoiros. Para optimizar este factor atencional, resulta imprescindible considerar a madurez educativa do alumnado, e adaptar a duración das sesións a eles e a elas, reducindo as sesións cara a idades máis temperás, e ampliando as mesmas en Educación Primaria. Desta forma evitase a perda de atención nos máis cativos, e favorécese a asimilación dos contidos das sesións nos máis maiores, xa que así se pode dar pe a creación de debates, reflexións sobre as temáticas propostas e postas en común co alumnado.

No que se refire ao alumnado de Educación Primaria, podemos indicar que polo xeral, os grupos mostraron bastante interese na temática e motivación, mostrándose moi participativos canto máis próximas as súas experiencias, eran as actividades propostas. Inda que hai que remarcar que o alumnado feminino mostraba maior sensibilización nas reflexións acerca do sexismo. Pese que algúns grupos mostraron pouco interese ao principio do Programa, estes o foron aumentando ao longo de cada obradoiro xunto coa súa participación, o que reflicte tamen a eficacia da avaliación procesual que nos proporcionou información moi valiosa cara a adaptación coas formas de abordaxe das temáticas previstas e a súa relación coas inxerencias do alumnado a esta idade. Tamén hai que dicir que observamos nalgúns casos, que a falta de interese do alumnado estaba directamente relacionada coa falta de motivación por parte do equipo educativo cara a este tema que nos ocupa.

En xeral podemos afirmar, grazas as conversas informais e as enquisas de avaliación, que para o alumnado a experiencia foi moi positiva e enriquecedora.

A pesar do bo comportamento amosado polo alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria, nos vemos obrigadas a remarcar, o mesmo que fixeran as nosas predecesoras no Programa, que inflúe moito no comportamento deles e delas, o día e a hora no que se levan a cabo os obradoiros, empeorando de maneira notable nos días

anteriores e posteriores ás pontes, vacacións e festas varias, así como nas horas previas ao recreo e á saída da escola. Suxerindo que se teña de novo en conta se é posible, este factor cara a planificación dos horarios cos colexios, elo redundaría nunha maior calidade das sesións.

Atendendo a promover a continuidade do Programa no desenvolvemento personal do alumnado, suxerencia tamén proposta polo profesorado e recollida nas enquisas, sería convínente, unha oferta educativa dirixida a todos os cursos de Educación Primaria, con visos de darlle continuidade dende Educación Infantil, obtendo así, unha sensibilización cara o tema sen saltos cualitativos no tempo e reforzando o xa aprendido.

Continuando neste senso, sería convínente tamén unha maior presenza continuada ao longo do tempo no curso lectivo, nestas dúas etapas educativas, precisando para elo, multiplicar o número de sesións e pasando de ter un carácter acnedoctico, observacion feita polo equipo educativo.

Tivemos a experiencia de algúns centros que imparten tanto Infantil como Primaria que só solicitaran un obradoiro (por descoñecemento da dinámica do mesmo ao ser o primeiro ano en que participaban no Programa). Unha vez alí, ao falar co profesorado, expresaban a súa confusión, e nos pedían se podíamos realizar mais sesións no seu centro, pero como a planificación dos horarios xa estaba feita e os recursos humanos eran escasos, foi imposible poder ampliarlles as sesións.

Por todo o anterior a nosa proposta recomenda o incremento no número de persoal técnico adicado a este programa, cunha duración mínima dun ano, redundando así nunha mellor calidade do mesmo. Proporcionando un tempo precioso e fundamental para a recollida de documentación, posta a punto na dinámica a continuar coas edicións anteriores, e para deseñar as unidades didácticas, a programación, a realización dos materiais e outras xestións inherentes á posta en marcha do Programa. Xerando unha maior calidade na implementación dos Obradoiros xa que se lle podería adicar mais tempo, na atención e na recollida das impresións ao finalizar cada un dos mesmos por mor de obter unha eficaz avaliación procesual.

A sensación final respecto ao Programa é moi positiva, cumprindo en boa medida cos obxectivos propostos segundo os indicadores da avaliación final.

Por todo o dito, resultaría beneficioso seguir a traballar nesta liña, dunha forma específica a igualdade nos ámbitos familiar, educativo e social, contribuíndo a que o profesorado e o alumnado dos diferentes centros se involucren e acepten positivamente as diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes, axudando a eliminar os estereotipos por razón de sexo.

### *Agradecementos:*

Queremos deixar constancia do noso agradecemento a todas aquelas persoas que relacionadas directa ou indirectamente estiveron prestando o seu apoio ao Programa.

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

---

Os equipos educativos dos Centros: Dirección, Xefatura de Estudos, Profesorado e Tutores, Persoal de Apoio, Conserxes, Secretaría e Encargadas/os das Novas Tecnoloxías que abriron as portas dos seus Centros e das súas aulas, a esta iniciativa do Concello de Vigo, facilitando a nosa labor, resolvendo as dificultades técnicas e flexibilizando en moitos casos a xornada educativa.

Ó Persoal Administrativo da Concellería de Igualdade, que interrompendo a súa labor habitual, prestounos o seu tempo e adicación na elaboración do material didáctico, e nas diferentes xestións administrativas cos Centros.



## Anexos

### Anexo I: Planificación das visitas aos centros

Nome Centro	Educación Infantil			Educación Primaria		
	1º	2º	3º	1º	2º	3º
CEIP A Doblada	02/02/09 03/02/09	01/04/09 02/04/09	01/06/09	02/02/09	01/04/09	01/06/09
CEIP A Paz-Tintureira	09/03/09	07/05/09	02/06/09	09/03/09	07/05/09	
CEIP A.R. Castelao	11/03/09	06/05/09	15/06/09	11/03/09	06/05/09	15/06/09
CEIP Balaidos	04/02/09 05/02/09	03/04/09 24/04/09	11/06/09	04/02/09	03/04/09	10/06/09
CEIP Canicouba	23/03/09	19/05/09 21/05/09		23/03/09	19/05/09	
CEIP Carrasqueira	31/03/09	25/05/09 02/06/09	02/06/09	31/03/09	25/05/09	
CEIP Chans-Bembrive	24/03/09	20/05/09	08/06/09			
CEIP Coutada Beade	25/03/09	08/05/09	08/06/09			
EEI Cristo de la Victoria	10/03/09	05/05/09				
CEIP Eijo Garay	06/03/09			06/03/09		
CEIP E.P. Bazán	16/02/09 17/02/09	21/04/09 24/04/09	15/06/09	16/02/09	21/04/09	15/06/09
CEIP Escultor Acuña	09/02/09 10/02/09	14/04/09 15/04/09	10/06/09	10/02/09	15/04/09	05/06/09
CEIP García Barbón	02/03/09 03/03/09	27/05/09	03/06/09			
CEIP Igrexa Candeán	27/03/09	28/05/09	16/06/09	27/03/09	28/05/09	16/06/09
CEIP Javier Sensat	30/03/09	04/05/09	04/06/09	30/03/09	04/05/09	04/06/09
CEIP Josefa Alonso	04/03/09	28/04/09	11/06/09	04/03/09	28/04/09	10/06/09
CEIP Lope de Vega	17/03/09	11/05/09 13/05/09	17/06/09	16/03/09	13/05/09	17/06/09
EEI Monte da Guía	27/02/09	29/04/09	05/06/09			
EEI O Nogal	13/03/09	15/05/09	11/06/09			
CEIP O Pombal	11/02/09 12/02/09	16/04/09 17/04/09	18/06/09	12/02/09	17/04/09	18/06/09
CEIP Paraixal	18/03/09			18/03/09		
CEIP Pintor Laxeiro	18/02/09 19/02/09	22/04/09 23/04/09	12/06/09	18/02/09	23/04/09	12/06/09
CEIP Ría de Vigo	26/03/09	26/05/09		26/03/09	26/05/09	
EEI Rúa Hernán Cortés	18/03/09	14/05/09	03/06/09			
CEIP San Salvador-Teis	26/02/09	30/04/09	04/06/09	26/02/09	30/04/09	04/06/09
CEIP Santa Mariña	13/02/09	20/04/09		13/02/09	20/04/09	16/06/09
CEP Santa Tegra				27/02/09	29/04/09	
CEIP Valle Inclán	12/03/09	12/05/09	18/06/09	12/03/09	12/05/09	18/06/09

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

CEIP Virxe do Rocío	05/03/09	14/05/09	10/06/09			
EEI Zamans	13/03/09	22/05/09				

### Anexo II: Material Didáctico Utilizado


#### Segundo ciclo de educación infantil

Os materiais didácticos elaborados para esta etapa educativa foron:

- ❖ Monigotes “Somos diferentes, somos iguais”: Láminas de tamaño A3 coas imaxes de nenos e nenas facendo actividades como xantar, bañarse, ducharse e facer pis.



Tamén se fixo unha presentación en power point coas mesmas imaxes



- ❖ Debuxo para colorear “Neno e nena”: Seleccionouse unha imaxe dun neno e dunha nena iguais para que os nenos e nenas colorearan e pintaran o que lles faltaba para poder diferenciarlos (a vulva e o pene).







## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria


Concellería da Igualdade

Concello de Vigo



Ademais dos materiais elaborados, empregáronse tamén os seguintes recursos didácticos:

- ❖ Canción “Calmo” de Ludovico Einaudi.
- ❖ Canción “Musica para Ballet Clásico, Tarantela Italiana”.
- ❖ “El Ratoncito Pérez”, de Ana Serna-Vara con ilustracións de Margarita Menéndez, e publicado por Edicións Susaeta (2004)
- ❖ “O Micrófono Máxico”: Este obxecto foi reutilizado dos obradoiros de anos anteriores por ser unha boa forma de marcar os turnos de palabra nos mais cativos.



- ❖ “El misterio del chocolate en la nevera”, de Cerviño Saavedra, María Jesús e Calzón Álvarez, Juan. Madrid, Instituto de la Mujer, 2003

Fíxose unha presentación en formato dixital coa imaxe do conto para por de fondo mentres o contabamos.



- ❖ “La mejor familia del mundo”, de Susana López e publicado por Edicións SM (2008). A este conto lle cambiamos o título polo de “A familia de Carlota” para non discriminar ningún tipo de familia.

- ❖ “Los juguetes ordenados”, de Pedro Pablo Sacristán.

Este conto obtivose do portal <http://cuentosparadormir.com/infantiles/cuento/los-juguetes-ordenados>.

- ❖ “Andaluna y Samir. Derechos a la aventura”. Video musical realizado pola empresa audiovisual andaluza Forma Animada e presentado pola concellería de igualdade e benestar social da Junta de Andalucía.

Este video obtivose do portal: <http://www.youtube.com/watch?v=iax2W9qAfK0>

- ❖ “Una Feliz Catástrofe”, de Adela Turín, con imaxes de Nella Bosnia e animación de Antoine Rodelet. Conto en liña para traballar no aula, sobre as tarefas domésticas e o sexismo.

Este conto obtivose do portal [http://www.ducotedesfilles.org/es/conte\\_frameset.htm](http://www.ducotedesfilles.org/es/conte_frameset.htm)

### *Educación Primaria*

A continuación cítanse os materiais creados:

- ❖ Presentación en formato dixital de carácter introdutorio con conceptos clave como “xénero, sexo, estereotipos e socialización diferencial”.

# Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

<p><b>Obreiroiro para 6º Primaria</b></p> <p>Aclarando conceptos</p>	<p><b>Igualdade de oportunidades</b></p> <p><b>Definición (igualdade de Oportunidades)</b></p> <p>Consiste en xenerar e crear as condicións necesarias para que todos os persoas teñan as mesmas oportunidades de elección independentemente das súas características individuais.</p> <p>Non se trata de igualar a Oportunidades, é preciso identificar as prácticas persoais e favorables da sociedade por razóns discriminatórias.</p> <p><b>A APLICACIÓN DE ESTOS CONCEPTOS EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES</b></p>	<p><b>Aclarando conceptos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sexo</li> <li>• Xénero</li> <li>• Identidade de Xénero</li> <li>• Estereotipos sexistas</li> <li>• Socialización Diferencial</li> </ul>
<p><b>Aclarando conceptos</b></p> <p><b>SEXO</b></p> <p>É unha categoría biolóxica, está baseada e determinada exclusivamente (irremediabilmente) nas características biolóxicas, fisiolóxicas e anatómicas do individuo.</p> <p><b>XÉNERO</b></p> <p>É unha construción social, irremediabilmente o produto de interaccións culturais, sociais, políticas, económicas, psicolóxicas, etc. dos individuos en relacións sociais. Non é un atributo biolóxico, é un atributo social que se aprende por ensaio e erro, cambia nos distintos contextos sociais e é resultado das accións colectivas.</p>	<p><b>Estereotipo de xénero</b></p> <p>Representación dos roles asignados tradicionalmente ó home e á muller conxuntamente á discriminación por xénero nos diferentes ámbitos da sociedade no modelo de desenvolvemento.</p> <p>O modelo de <b>Amazamazam</b> fai referencia ó modelo familiar home provedor de ingresos, muller ama de casa e está caracterizado no modelo familiar que se fai patente no matrimonio tradicional e se establece unha estrita separación de traballos e roles entre a muller e o home, tendo o home a obriga de provisión da familia e a muller a obriga de tarefas e cuidados domésticos.</p>	<p><b>A SOCIALIZACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os sistemas sexo/xénero constrúense mediante a socialización diferencial (socializar de forma diferente segundo o sexo co que se naceu e a función social para a que foi destinada).</li> <li>• E ... ¿ como nos socializamos? A xentes?</li> </ul>
<p><b>A Socialización Diferencial</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A LINGUAXE</li> <li>• A FAMILIA</li> <li>• O ÁMBITO EDUCATIVO</li> <li>• OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN</li> </ul>	<p><b>A linguaxe</b> Que está sucedendo??</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os homes na prehistoria vivían en covas</li> <li>• Os homes na prehistoria cazaban animais.</li> </ul> <p>¿?</p>	<p><b>A linguaxe</b> Que está sucedendo??</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ZORRO-ZORRA</li> <li>• MULLER PÚBLICA- HOME PÚBLICO</li> <li>• COÑAZO- COJUNUDO</li> <li>• GOBERNANTE- GOBERNANTA</li> <li>• LOBA- LOBO</li> <li>• SER UNHA RAJADORA – TENER HUEVOS</li> <li>• FULANO-FULANA</li> <li>• .....</li> </ul>
<p><b>A FAMILIA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• É o primeiro ámbito de relación dos seres humanos, e neste se aprenden as primeiras normas de conduta, de como é necesario comportarse en función do sexo co que se naceu.</li> <li>• O proceso de socialización no ámbito familiar realízase a través dos roles que representan o pai e a nai, dada a súa función de modelos de comportamento a imitar, da adquisición de valores, diferencial de xénero, e normas dos condutas que contribúe ao reforzamento diferencial das condutas segundo respondan ás expectativas sociais de xénero.</li> </ul>	<p><b>O ÁMBITO EDUCATIVO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Contribúe á socialización diferencial a través dos contextos escolares, a linguaxe e os libros de texto, o uso dos espazos de xogo e a interacción entre o profesorado e o alumnado.</li> <li>• Os diferentes libros de texto, por exemplo, transmiten como modelos protagonistas da historia, a ciencia e o coñecemento aos homes, mentres as mulleres ou están ausentes ou teñen un papel secundario no desenvolvemento dos temas.</li> <li>• A socialización será a través do <b>currículo latente</b> e do currículo oculto.</li> </ul>	<p><b>OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A través do seu contido escrito ou oral e das imaxes que contéñen, refórzan os roles e estereotipos de xénero. Dentro dos medios de comunicación, a publicidade é un dos vehículos de maior impacto aínda que tamén é bastante sensible aos cambios sociais que se están producindo.</li> </ul>

- ❖ Xogo das adiviñas: nove fotocopias plastificadas con biografías de homes e mulleres da historia e nove imaxes plastificadas tamaño A4 coas fotos das diferentes personaxes. (Tamén se fixo en formato power point. )



- ❖ Presentación en formato dixital con conceptos como “Corresponsabilidade”.


**Corresponsabilidade**

**Compartir** todas as actividades e responsabilidades da vida familiar, precisas para acadar unha mellor calidade de convivencia para as persoas.



- ❖ Actividade “traballo fora da casa”: catro láminas plastificadas con diferentes recortes de prensa con ofertas de emprego.

Nesta actividade tamén se inclúen fotocopias para rechea por os alumnos con modelos de anuncios igualitarios e discriminatorios.



- ❖ Enquisa para o alumnado sobre “Rasgos da personalidade”

## RASGOS DA PERSONALIDADE

Lee atentamente os seguintes rasgos de personalidade e anota se che parecen mais propios de un home, de unha muller ou son rasgos indistintos, que poden valer para os dous sexos. A continuación, marca cun “X” se pensas que é un rasgo positivo ou negativo.

RASGOS DA PERSONALIDADE	SEXO (Home, muller, Indistinto)	VALORACIÓN	
		POSITIVO	NEGATIVO
Intelixente			

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

Agresiva			
Arriscada			
Sumisa			
Decidida			
Sexualmente activa			
Sexualmente pasiva			
Observadora			
Intuitiva			
Débil			
Segura			
Creativa			
Medosa			
Líder			
Dependente			
Competitiva			
Independente			
Honesta			
Frívola			
Racional			
Sensible			

### ❖ Enquisa para o alumnado sobre “reparto de responsabilidades dentro do fogar”

Marca con una cruz si es chico  ou chica

Anota no recadro da dereita quen é a persoa que realiza as seguintes tarefas na túa casa, pon o seu parentesco contigo( pai, nai,...) e nomea só a persoa que o fai de forma habitual (evitando nomear os/as que o fan ocasionalmente).

TAREFAS	Quen o fai
Quen sabe o que fai falla na casa e fai a lista da compra dos produtos de comida, limpeza. hixiene. roupa...	
Quen vai mercar a diario (senón é así, pode ser a compra semanal).	
Quen coloca a compra no seu sitio (caixóns, laceras, despensa, frigorífico...).	
Quen pensa o que se vai comer ou cenar cada día.	
Quen prepara a comida, cea,...	
Quen pon a mesa e a recolle.	
Quen lava os pratos, ou pon e recolle o lavalouzas.	

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

Quen limpa o forno e a neveira.	
Quen recolle as migas do chan despois de comer.	
Quen varre ou aspira as habitacións e o salón.	
Quen saca o lixo.	
Quen limpa as ventás.	
Quen recolle as habitacións e fai as camas.	
Quen recolle o baño e quen o limpa	
Quen pon a lavadora.	
Quen pon a secar a roupa e quen a recolle.	
Quen lle pasa o ferro a roupa.	
Quen garda a roupa no roupeiro	
Quen repón as toallas do baño e o papel hixiénico.	
Quen cose os botóns, cambia cremalleiras e zurce os calcetíns	
Quen fai os pequenos arranxos da casa (cambio bombillas, arranxo de billas, cerraduras, portas...)	
Quen fai o mantemento do coche (cambio de aceite, inchado de rodas, recheo do limpa parabrisas)	
Quen se encarga das facturas, ou soluciona co banco, Fenosa, telefonía os problemas que xurdan.	
Quen merca a roupa que fai falla coma calcetíns, bragas, calzóns,...	
Quen coida dos enfermos e os acompaña ao médico ou queda na casa atendéndoos.	
Quen vos recollía o saír-entrar da escola ou vos levaba ó autobús cando érades pequenos.	
Quen ten máis tempo para descansar,xogar ou facer o que lle gusta.	

- ❖ Cartolinas de cores para mural sobre o traballo e a dobre xornada.
- ❖ Tiras de papeis de cores: Tiras de diferentes cores para pegar nun mural a modo de gráfica cos resultados en porcentaxes das enquisas de reparto de responsabilidades dentro do fogar.
- ❖ Presentación en formato dixital dunha pregunta a modo de examen e explicación repaso dos obradoiros anteriores.


# Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade


Concello de Vigo

<p>Diferencias entre chicos y chicas</p> <p>¿Con cuál de las siguientes razones te quedas para explicar estas diferencias?</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Somos educados desde que somos pequeños de forma diferente y esto hace que seamos y tengamos comportamientos diferentes.</li><li>2. Según se nace chico o chica seamos y nos comportemos en función del sexo con el que nacemos.</li></ol>	<p><b>OPCION CORRECTA: LA PRIMERA</b></p>
<p>Socialización diferencial</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Desde que somos pequeños nos educan de forma diferente a los chicos y a las chicas.</li><li>• Las diferencias con las que nacemos no tienen nada que ver con lo que hacemos en la vida.</li><li>• Nuestra sociedad es la que hace más diferencia.</li><li>• Mientras a las mujeres se les ha dado un trabajo dentro de casa, a los hombres se les ha dado el trabajo fuera de casa.</li><li>• Todo ha perjudicado a las mujeres, incluso hoy en día que también pueden trabajar fuera de casa, siguen realizando el trabajo dentro de casa. A esto se le conoce como <b>doble jornada</b>.</li></ul> <p><i>Se ha creado un mito por lo que no hay igualdad.</i></p>	<p>Socialización diferencial</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• <b>A las chicas se les enseñan a ser:</b></li><li>• Más cariñosas, más afectuosas, más dialogantes, a estar guapas para ellos, ellas deben invitarnos a salir, a preocuparse más por ellos.</li><li>• <b>A ellos se les enseñan a ser:</b></li><li>• Más competitivos, más independientes, se preocupan más por sus cosas, a dar a sus parejas la misma importancia que a sus amigos, llevan mejor los críticos y los errores.</li></ul>


❖ Presentación en formato dixital sobre os diferentes ideais de beleza dependendo da época e do país.

<p>Ideal de Belleza Moderno vs Antiguo</p> 	<p>Tribu Matsés (Gente Gato) (mondo) Brasil y Perú</p> 	<p>Mujeres Mursi - Valle del Omo - Etiopía</p> 	
<p>Mujeres Jirafa</p> 		<p>Ideal Belleza Mujeres Chinas</p> 	<p>Zapatos: Moda China Vs Occidental</p> 


❖ Presentación en formato dixital sobre a representación de modelos familiares e da muller nos debuxos animados como Shin Chan, Os Simpsons, Pai de familia e Family Guy.



- ❖ Actividade: “A historia de Ana”. Exemplo dun caso de maltrato a modo de exercicio grupal. Presentado en formato power point.



- ❖ Presentación en formato dixital sobre a afectividade correcta e incorrecta.



- ❖ Enquisa para o alumnado “Inventario sobre as mulleres e as relacións de parella”

**Inventario de ideas sobre as mulleres e as relacións de parella.**

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

---

(estou de acordo ou en desacordo)

1. As mulleres en xeral son inferiores a os homes
2. Se o home aporta os cartos, a muller está supeditada a el.
3. O home é o responsable da familia e por iso a muller debe obedecer.
4. A muller está obrigada a ter relacións sexuais co seu home, inda que nese momento non lle apeteza.
5. A muller non debe levar a contraria ó home.
6. Se unha muller ten cartos, non ten que soportar unha relación violenta.
7. O maltrato é unha forma de preocupación do marido pola súa muller.
8. Cando un home maltrata é porque algo faría a súa muller.
9. Se a muller maltratada decide quedarse e a maltratan despois, a culpa é da muller por quedarse.
10. Cando se teñen fillos a muller debe aguantar por eles.
11. Un home que maltrata é porque ten problemas persoais, é alcohólico...etc.
12. Cando un é violento non ten a culpa, porque tamén foi maltratado na infancia, polos seus pais ou a sociedade.
13. A violencia contra a muller non é tan importante, só son casos illados.
14. A relación de parella é privada e ninguén debe meterse nin opinar sobre a mesma.
15. Danse máis casos de violencia contra a muller en familias con poucos recursos.

Outro material empregado:

- ❖ “El sueño imposible”: Curtametraxe das Nacións Unidas e Kratky Films de Praga, dirixido por Dagmar Doubkova, baseado nun conto e guión orixinal de Tina Jorgenson . Ten unha duración total de sete minutos e trinta e seis segundos, distribuídas en dúas partes. A primeira é de tres minutos e cincuenta e nove segundos, a segunda é

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

---

de tres minutos e trinta e sete segundos. A curtametraxe obtívose a través do portal <http://es.youtube.com/> .

❖ Presentación de vídeos de anuncios nos que a imaxe da muller e do home aparece sesgada:

- Anuncio Axe Click.

Obtido del portal de internet: <http://www.youtube.com/watch?v=0Y-mFiXNw7Q>

- Anuncio Burger King “Yo soy un hombre”.

Obtido del portal de internet: <http://www.youtube.com/watch?v=QpIL-Gz2zVk>

- Anuncio Bold Matic “Facil Planchado”.

Obtido del portal de internet: <http://www.youtube.com/watch?v=FiDWRjtwSwE>

- Anuncio Fanta Light.

Obtido del portal de internet: <http://www.youtube.com/watch?v=f9Qrr6Cbncw>

- Anuncio Crema Ponds años 60.

Obtido del portal de internet: <http://www.youtube.com/watch?v=TH7HhrF5e-8>

- Anuncio Crema Ponds “La nueva novia de tu ex”.

Obtido del portal de internet: <http://www.youtube.com/watch?v=WUNBlw-Ozwl>

- Anuncio Seguro de coche “Mercator Insurance”.

Obtido del portal de internet: <http://www.youtube.com/watch?v=rVAT9i5oLkQ>

### *Anexo III: Enquisas de Avaliación:*

*Enquisa para o profesorado:*

A CUBRIR POLO **PROFESORADO** TITOR DAS  
AULAS QUE PARTICIPARON NO PROGRAMA

**CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE**

ENQUISA DE AVALIACIÓN

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

**Esta enquisa é totalmente anónima e voluntaria.** Gustaríanos coñecer a súa opinión respecto da realización das actividades do programa "Camiña con nós pola igualdade" desenvolto no seu centro durante o curso 2008-2009, coa fin de mellorar o noso traballo.

Agradeceríamoslle que a cubrise con letra maiúscula e de cor negra e a enviase antes do 30 de xuño a través do noso número de fax: 986 430 082. No caso de que precise máis espazo para responder ás cuestións pode engadir anexos.

**Moitas grazas pola súa colaboración.**

Vigo, 10 de xuño de 2009

Cristina Gómez García

Xefa do Servizo

**Naquelas cuestións nas que teña que cualificar de 1 a 5, lembre que 1 é a puntuación mínima e 5 a máxima. Márquea cun X**

**1. O seu nivel educativo é:**

3 anos EI	4 anos EI	5 anos EI	6º EP
-----------	-----------	-----------	-------

**2. A súa clase participou en:**

1 sesión	2 sesións	3 sesións
----------	-----------	-----------

**3. Considerou suficientes as sesións realizadas?**

Si	Non
----	-----

**4. Cantas sesións considera que serían necesarias ao longo dun curso escolar para acadar os obxectivos deste programa?**

**5. Considerou axeitada a duración de cada unha das sesións?**

Si	Non
----	-----

**6. Cal sería para vostede a duración axeitada?**

**7. Foron axeitados os obxectivos e contidos dos obradoiros?**

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

**8. O material empregado nos obradoiros estaba adaptado ás características do alumnado?**



## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

**9. Valore (de 1 a 5, sendo 1 a puntuación mínima e 5 a máxima) ás monitoras que desenvolveron os obradoiros en canto a:**

**Coñecementos:**

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

**Metodoloxía:**

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

**Actitude:**

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

**10. As actividades que máis lle gustaron foron:**

--

**11. As actividades que menos lle gustaron foron:**

--

**12. A vostede como profesional os obradoiros axudáronlle a:**

--

**13. Valore de 1 a 5, sendo 1 a puntuación mínima e 5 a máxima, o grao de consecución dos seguintes obxectivos por parte do seu alumnado.**

Educación Primaria	1º	Familiarizarse con conceptos básicos: coeducación, igualdade de oportunidades, violencia de xénero, corresponsabilidade, respecto, convivencia, feminismo ...	1	2	3	4	5
	2º	Romper os estereotipos de xénero dentro do ámbito familiar	1	2	3	4	5
	3º	Fomentar a igualdade no ámbito do traballo	1	2	3	4	5
	4º	Fomentar a corresponsabilidade na familia	1	2	3	4	5

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

	5º	Rexeitar a violencia como forma de relacionarse, valorarse e resolver conflitos	1	2	3	4	5
Educación	1º	Interiorizar as partes do seu corpo sen estereotipos e tabús Identificar semellanzas e diferenzas entre mulleres e homes.	1	2	3	4	5
Infantil	2º	Coñecer as diferentes tipoloxías de familia existentes na actualidade	1	2	3	4	5
	3º	Fomentar a corresponsabilidade na familia	1	2	3	4	5
	4º	Visibilizar a presenza de mulleres en traballos considerados tradicionalmente masculinos	1	2	3	4	5
	5º	Familiarizarse cos diferentes tipos de xoguetes independentemente do sexo do alumnado	1	2	3	4	5

### 14. Ao seu alumnado os obradoiros axudáronlle a:

--

### 15. Valore o seu grao de satisfacción co programa "Camiña con nós pola igualdade":

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

### 16. Gustaríalle que este programa tivese continuidade en vindeiros cursos escolares?:

Si	Non
----	-----

### 17. Suxestións e propostas de mellora:

--

Enquisa a cubrir polo alumnado:

A CUBRIR POLO **Alumnado de 6º de Educación Primaria** que participou no programa municipal

**CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE**

ENQUISA DE AVALIACIÓN

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

**Esta enquisa é totalmente anónima e voluntaria.** Gustaríanos coñecer a súa opinión respecto da realización das actividades do programa "Camiña con nós pola igualdade" desenvolto na túa clase durante o curso 2008-2009, coa fin de mellorar o noso traballo.

Agradeceríámosche que a cubrises con letra maiúscula e de cor negra.

**Moitas grazas pola túa colaboración.**

Vigo, 10 de xuño de 2009

Cristina Gómez García

Xefa do Servizo

**Naquelas cuestións nas que teñas que cualificar de 1 a 5, lembra que 1 é a puntuación mínima e 5 a máxima. Márcaa cun X**

1. En cantos obradoiros participaches? \_\_\_\_\_ Non o lembro

2. Pareceche interesante a temática do programa? Si  Non

Por que?

---

---

3. Avalía ás monitoras que impartiron o programa en canto a:

Coñecementos	1	2	3	4	5
Claridade de exposición	1	2	3	4	5
Actitude	1	2	3	4	5
Capacidade de motivación	1	2	3	4	5

4. Describe a actividade que máis te gustou, e di por que:

---

---

5. Describe a actividade que menos te gustou, e di por que:

---

---

6. Participar nesta actividade axudouche a :

---

## Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

---

---

### 7. Gustaríache que algún obradoiro tratase sobre outros temas?

Si  Non  Cales?:

---

---

### 8. Se o programa fose optativo, participarías? Si Non

### 9. Valora os obradoiros en canto a :

a) contidos explicados (canto che gustou o que te contamos):

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

b) actividades desenvoltas (canto che gustou o que fixemos):

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

c) materiais empregados (canto che gustaron as " cousas " que empregamos)

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

d) aprendizaxes realizadas (canto aprendeches):

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

### 10. Gustaríache que este programa tivese continuidade en vindeiros cursos

escolares? Si  Non

### 11. Se tes algún comentario ou suxestión para as monitoras que impartiron o programa, podes escribilo a continuación

---

---

Grazas por dedicar o teu tempo a cubrir esta enquisa

Deste xeito axúdasnos a mellorar

#### *Anexo IV: Agasallos*

No primeiro obradoiro de educación infantil entregouse a modo de agasallo un calendario ao alumnado, con imaxes do público participante no ano anterior.

Na última sesión con cada grupo, a modo de remate do programa, entregábaselle a cada nena e neno un agasallo da Concellería de Igualdade, a modo de reforzo pola súa participación.

Estes agasallos consistían en: pinturas de cores e viseiras para o segundo ciclo de educación infantil; e bolsas porta todo para o sexto curso de educación primaria.

#### *Anexo V: Bibliografía.*

*La imagen de la Mujer en la Publicidad. Natalia Herrero Sanchez. Socióloga.*

## *Camiña con Nós pola Igualdade 2008/2009. Memoria*

*Concellería da Igualdade*

*Concello de Vigo*

---

*La publicidad indirecta de los dibujos animados y el consumo infantil de juguetes. M. Esther del Moral Perez. Oviedo.*

*Analisis del roles Masculinos y Femeninos en los Anuncios de Juguetes de Television. Julia Sebastian Herranz. Inmaculada Garcia Alvarez. Carmen Carbajal*

*Gonzalez, Beatriz Gonzalez Febrero.*

*Golpes publicitarios: violencia de genero en la publicidad. Marta Selva Masoliver.*

*Informe 2005 del Observatorio Andaluz de la publicidad no sexista. Junta de Andalucia*

*El sistema sexo genero y los procesos de discriminacion. Fernando Barragan Medero.*

*Transformando las masculinidades: El trabajo, las Familias y la Cultura. Victor J. Seidler.*

*A masculinidade obstaculo a educacion en igualdade. Luis Bonino Mendez. Congreso nacional de Eduaccion en Igualdad.*